

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2022/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de outubro de 2022
Duración	Desde as 20:03 ata as 23:47 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Verónica Tourón Domínguez
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Dávila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da actas sesión anterior

Acta sesión número 6/2022, ordinaria do 30 de xuño

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2022/6, ordinaria de 30 de xuño enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo máis observación á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2022/6, ordinaria de 30 de xuño; sendo aprobada por UNANIMIDADE DOS TRECE membros asistentes á presente sesión.

Acta sesión número 7/2022, extraordinaria do 21 de xullo

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2022/7, extraordinaria de 21 de xullo enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo máis observación á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2022/7, extraordinaria de 21 de xullo; sendo aprobada por ONCE votos a favor dos Sres/as Tourón Domínguez, González Coto, Ledo Souto, Castiñeira Alén, Rodríguez Canosa, Pereira González, González González, Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, Pérez Domínguez e Valcárcel Bernárdez e DÚAS abstencións da Sra. Pérez Cabaleiro e Sr. González Souto por non asistir á sesión.

Acta sesión número 8/2022, ordinaria do 25 de agosto

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das



entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2022/8, ordinaria de 25 de agosto enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sra. Castiñeira Alen: Na páxina 27 na miña intervención cando Joaquín preguntaba sobre a compra da parcela da Devesa e unha oferta que vira do Sareb, hai un párrafo que dice “dixo vostede que o SAREB puxo a venda esta parcela que supoño que carecerá de interese comercial posto que agora ..., falta un “pasa a ser zona verde e ocupacional”

VOTACIÓN: Non existindo máis observación á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2022/8, ordinaria de 25 de agosto; sendo aprobada por UNANIMIDADE DOS TRECE membros asistentes á presente sesión.

Expediente 834/2022. Aprobación do I Convenio colectivo do persoal laboral.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Castiñeira Alén: Chegou un día histórico, a primeira vez que traemos a esta sesión plenaria a aprobación dun convenio, vaise a converter no primeiro convenio colectivo laboral do persoal. O pasado mes de xuño celebrouse unha das moitas mesas xerais de negociación que tivo este convenio e nesa mesa acordamos o texto, logo tocaba que os sindicatos e a representación dos traballadores e traballadoras do noso Concello tiveran o ok da súa asemblea e así aconteceu, unha vez que se salvou ese paso xa so teríamos que informar do texto dese convenio por parte do equipo técnico, de secretaría e de intervención, e unha vez que se fixo, nese informe figuraron as condicións que eran cuestións basicamente de legalidade. Este paso, o definitivo, foi o luns día 24 de outubro, foi levado por ultima vez á mesa xeral de negociación, onde nesta mesa se conseguiu a unanimidade, unanimidade que ademais logo se repetiu na Comisión Informativa cos votos a favor dos que alí estamos representados, Partido Popular, Movemento Salceda e Partido Socialista, xa so queda aprobalo hoxe nesta sesión plenaria que entendo que igual que na Comisión, será por unanimidade desta Corporación.

Un convenio, o primeiro da historia do noso Concello que ten o ok, como non podía ser doutro xeito, de ambas partes e que supón ademais unha mellora importantísima para os traballadores e traballadoras deste Concello. Vou a ler algún dos acordos que figuran neste convenio. O primeiro, o aumento da valor da quilometraxe; o segundo a posibilidade de anticipo de nóminas por valor de 3.000€ brutos; o terceiro a fixación da compensación das horas extraordinarias distinguindo os grupos profesionais, as horas feitas de noite de sábado, domingo e días festivos; a fixación do tempo de descanso das horas extraordinarias; quinto, a inclusión das retribucións complementarias no seu sistema retributivo e sexta o pago de trienios,



recoñecementos de servizos prestados que unido a suba que supuxo a aprobación da RPT, relación de postos de traballo, supón un incremento salarial moi importante para o cadro de persoal, o persoal que forma este concello.

Díxeno na Comisión, díxeno na mesa, un tremendo esforzo económico para o noso Concello tendo en conta o noso importe orzamentario, fixemos un tremendo esforzo o goberno e toda a Corporación para que hoxe poidamos traer aquí este convenio, e como vos dicía antes, creo que é un motivo de alegría de estar contentos eu sobre todo, como Concelleira de Persoal, estou sumamente contenta. O 3 de xuño de 2021 aprobamos esa RPT tamén a primeira da historia e hoxe vai tocar ao convenio, dous obxectivos fundamentais desta lexislatura non só como Concelleira de persoal senón como parte do equipo de Goberno, un equipo de Goberno que traballou arreo para que isto hoxe fose posible, e asegúrovos que non foi nada fácil. Recordo as manifestacións, recordo as pancartas neste pleno, moitas faltas de respecto non só aos representantes do pobo senón tamén á prensa, todo iso é pasado e eu son persoa de mirar cara adiante, pedín desculpas na mesa xeral de negociación si en algún momento na dureza desa negociación e dese proceso faltei ao respecto, igual en algún momento podo recoñecer que non estivera a altura porque é certo que ambas partes nos xogabamos moito e se viviron momentos de tensión. Creo que é importante agradecer o traballo de todas aquelas persoas que nos precederon, porque o convenio non é cousa desta lexislatura, ni é cousa de fai uns meses, levamos anos, anos con este traballo que comezou Martín, seguiu Sito, no que Marcos como Alcalde puxo moitísimo esforzo, os compañeiros e compañeiras todos que formamos a Corporación, todos eles, Lucía especialmente, puxemos moitas horas, pero tamén quero darlle as grazas a parte sindical, a parte dos representantes dos traballadores porque senón houbera unha clara intención de por fin nesta lexislatura de enterrar a hacha de guerra, conseguir certa paz social e conseguir sobre todo os obxectivos de mellora da situación dos traballadores e das traballadoras, non sería posible. Remato dicindo que como Concelleira de persoal estou sumamente orgullosa de por fin acadar estes dous obxectivos, a primeira RPT da historia e o primeiro Convenio, creo que é un obxectivo conseguido.

Sr. Rodríguez Davila: Quero en primeiro lugar facer ese titular de “día importante” en plan positivo, a expensas do que poida dicir a continuación respecto de onde vimos e porque tivemos que chegar ata aquí. Creo que é importante destacar que cando as cousas se fan por negociación, por consenso e por cesión de ambas partes en calquera conflito sempre é positivo e por iso que é nesa providencia que hoxe se trae aquí se di, despois desa asemblea xeral de negociación, que “o Concello acordou por unanimidade a aprobación do primeiro convenio colectivo do persoal laboral municipal” e tamén di que “visto que a asemblea xeral de traballadores celebrada o 30 de xuño do ano 22 aprobou por unanimidade o I convenio colectivo do persoal laboral municipal”, o triste é ter que chegar ao ano 2022 despois de longos anos de reivindicación e de non atender ao mínimo que é o que pedían, que é o que por parte do Goberno municipal actual lle tivo a ben aceptar da parte traballadora e sindical, é un mínimo do que pedían e creo que isto se podía haber feito fai



moitísimos anos, sen chegar a todo o que se viviu neste Concello por parte dos traballadores, non so no eido do traballo senón tamén no eido persoal. Aquí quero facer fincapé e poñer enriba da mesa o que viviron certas persoas pola persecución do goberno, do ex-alcalde e da actual tenente alcaldesa respecto da non defensa de moitos dos traballadores e do acoso laboral que sufriron durante moito tempo e se agora neste mandato isto cambiou completamente foi porque o Goberno municipal cambiou completamente respecto da actitude e tamén das formas, independentemente de que vostede, Sra. Castiñeira, sendo Alcaldesa recorreu ese informe disciplinario a un traballador que despois do informe feito por un funcionario, nomeado polo Goberno do que vostede formaba parte, arquivou ese expediente, pero vostede non tivo a ben acatalo, tivo que recorrello gastando dos recursos públicos sabendo que seguramente o ía perder como así foi.

Dito isto e logo de escoitar a vostedes, non quero pensar no que moitos dos traballadores poidan pensar do que vostede acaba de dicir, pero a hemeroteca está aí, as palabras e os feitos de cada quen están aí, as reunións, as comisións e todo aquilo do que vostedes formaron parte están aí e polo tanto cada un actúa en consecuencia e estou convencido de que máis de un estará contento por un lado e tamén decepcionado por todo o que tiveron que vivir, padecer e sufrir simplemente e llanamente porque un goberno quería impor, porque un goberno non era quen de atender certas peticións sensatas e goberno, que como nos levamos dito durante moitísimos anos igual que o dixemos na relación de postos de traballo, quería impor e non negociar. A negociación é cando un cede e cando outra acepta tamén ceder e iso é unha negociación, cando un non cede nada e só quere impor ou se non, non hai acordo, pois ao final chegan os conflitos e sobre todo despois de como se actuou aquí durante moito tempo cara a certas persoas que traballaban e traballan neste Concello.

Creo que igual que fixemos na defensa de non apoio á relación de postos de traballo porque non houbo negociación, no sentido de que non houbo acordo e polo tanto foi unha imposición do goberno actual, aquí si houbo negociación, houbo cesións por ambas partes, houbo consenso a pesares de a reticencia inicial por parte sobre todo do Grupo de Movemento Salceda de aceptar certas cuestións que agora están neste documento, polo tanto creo que foi innecesario eses momentos que viviron certas persoas creo que foi un tempo perdido e sobre todo que afectou no eido familiar, no eido persoal pero tamén ao funcionamento deste Concello, porque cando unha persoa ven desmotivada, ven presionada e ven intimidada ao seu posto de traballo o rendemento, calquera dos que estamos aquí e dos que nos están escoitando o entenderán, non é o mesmo e iso é como consecuencia das formas, sobre todo, a actitude e o querer impor algo que tiña que ser acadado pola negociación, polo dialogo e por o acordo entre ambas partes. Polo tanto, nós no día de hoxe votamos un si rotundo porque cando hai acordo e unánime nada que dicir, todo o contrario aplaudir e tamén teño que dicir, que polo menos vostede hoxe tivo a ben pedir desculpas publicamente polos erros, todo cometemos erros eu o primeiro pero cando son reiterativos e son mal intencionados a sabendas de que non está actuando



de boa fe é moi grave e vostede o sabe, polo tanto creo que niso se equivocaron e bastante. Miremos para adiante e como dixen foi moito tempo, non todo é para sempre e as cousas se poden modificar e hoxe en este tema do convenio colectivo é unha boa noticia a cal nós a celebramos e a vamos a apoiar.

Sr. González Coto: Na mesma liña que os anteriores portavoces dos distintos grupos da Corporación, dicir que tamén é un día histórico para nós, para o Partido Socialista, conseguir este primeiro Convenio colectivo do persoal laboral deste Concello, que evidentemente é un tema xa tratado en moitas mesas de negociación, do que non quero agora estenderme nin recriminar, nin botar medallas nin nada, porque hoxe o importante é votalo e aprobalo. O Grupo Socialista vai votar favorablemente, dar as grazas por suposto aos traballadores, aos sindicatos e ao propio goberno por sacalo adiante, despois a título persoal estou especialmente feliz porque a nivel profesional e laboral é un tema no que me repercute, no que me sinto cómodo, que se haxa conseguido é bastante importante.

Sra. Castiñeira Alén: Creo que é un día demasiado positivo como para dedicarlle cinco minutos a cousas negativas como fixo o portavoz do PP e un minuto a falar de algo tan importante como é asinar o primeiro Convenio da historia deste Concello, non só gobernamos nós Sr. Davila, nin houbo convenio, nin houbo RPT e voulle dicir unha cousa, porque eu si non adoito deixar pasar por alto estas aptitudes, o acoso é denunciabile e esta concelleira que está fronte súa e a que non mira non ten unha soa denuncia, quero deixar ben claro iso, o que acaba de dicir vostede aquí é grave pero digo, é un día o suficientemente feliz como para obviar iso, como ben dixeches ver cara adiante e alegrarnos polo conseguido.

Sr. Rodríguez Davila: Sra. Castiñeira con todos os respectos llo digo, dediqueime a contar brevemente o sucedido nos últimos anos, seguramente si tiveramos máis tempo poderíamos falar moito máis, pero como dixen anteriormente hai múltiples actas das mesas de negociacións do que viviron e estiveron presentes neses debates en esas mesas, do que sucedeu en diferentes plenos, en fin, todo o que se viviu lamentablemente nos últimos anos neste Concello polo tanto, non é cuestión de que estea aquí recordando punto por punto todo o vivido. Cando dixen acoso laboral reiteeroo, por suposto que hai persoas que sufriron acoso laboral, por suposto que si, a decisión de ir ou non ir a onde lle compete é de cada un, agora, hai persoas que recibiron e sufriron ese acoso laboral, están eles aí para ratificalo é o dixeron moitas veces publicamente, sufriron as consecuencias, é máis, houbo baixas laborais por iso, persoas que tiveron que sufrir no seu posto de traballo a presenza do ex-alcalde e o concelleiro de persoal naquel momento pegando puñetazos enriba do mostrador para que foran a certos sitios, etc... todo iso viviuse e polo tanto, non pode dicir vostede que non houbo iso porque si é certo. Dito todo isto, remato como empecei, lendo ese acordo unánime das mesas de negociación tanto no concello como tamén dos propios traballadores e ante iso nós o que temos que facer é apoialo e nada máis, en aras de que no futuro se siga mellorando tanto os convenios futuros como tamén as prestacións que poidan seguir prestando os traballadores. Nada máis,



simplemente lamentar o sufrido, o vivido por moitas persoas e tamén recoñecer cando un se equivoca dicilo publicamente. Esperemos que nunca máis se volva a producir isto e que no futuro entre todos consigamos mellores servizos para o Concello e melloras prestacións e mellores convenios para os traballadores en beneficio tamén do propio Concello.

Sra. Alcaldesa: Ides a permitirme que me tome a liberdade de non entrar no pasado, de poñer un punto e final a un tema e sobre todo, poñer un punto inicial nunha boa causa que é esa aprobación histórica do primeiro convenio colectivo do persoal laboral. Creo que hoxe é un día histórico co cal, repito, ídesme permitir que non entre no pasado pero si que diga que eu tamén estou contenta. O Partido Socialista caracterizouse sempre pola defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras en xeral, caracterizouse sempre tanto no ámbito privado como no ámbito de empregados e empregadas públicas e traballadores e traballadoras públicas, co cal para nós dende logo era unha prioridade. Xa en eleccións o Partido Socialista levaba no seu programa electoral e así se trasladou cos afectados, que se ía a aprobar a RPT e o I Convenio Laboral. Xa comezando esta lexislatura na primeira xuntanza co persoal, tamén nos comprometemos a aprobación desa RPT e dese convenio laboral, reafirmamos ese compromiso si ben eu hoxe, sinceramente, creo que non é un día para colgarse medallas, non é un día para votarse méritos ningúns, para min en resumo é un día de xustiza para os traballadores e traballadoras e eu o quero expresar así. Creo que era un deber a cumprir e hoxe traemos aquí este I Convenio colectivo laboral e como dicía antes non podía ser doutro xeito, porque os dereitos dos traballadores e das traballadoras, tamén dos empregados e empregadas públicas teñen que estar moitas veces por encima de calquera loita política, así que a min hoxe só me queda agradecer a boa disposición de todas as partes, o bo trato nas mesas de negociación, a capacidade de dialogar, a capacidade de que todos e todas tiveramos a ben defender a nosa parte pero tamén fomos capaces de dialogar para ceder por ambas partes, unha negociación é iso e como Alcaldesa máis alá das siglas que represento como Alcaldesa, me sinto orgullosa de que todos, é un mérito de todos e todas, fósemos capaces de ter ese diálogo, ese bo facer para que hoxe estéemos aquí con esta aprobación, que fósemos capaces de ir desatascando un tema que estaba nun punto morto e creo que esa negociación de todos e todas fixo posible esta aprobación. Só me queda agradecer a asemblea, creo que o traballo de todos os que participamos na mesa de negociación, tanto representantes dos traballadores, sindicatos e equipo de goberno, a veces costa chegar a negociacións pero co diálogo é posible e hai que darlle as grazas a eles a elas pero tamén a asemblea que validou esta aprobación e esta negociación que se foi facendo. Un convenio que seguramente podería ser mellor pero eu considero que é un gran paso que é froito dese diálogo creo que é un logro conxunto e como dicía antes, un deber a facer, hoxe é un día no que se fai xustiza para os traballadores e traballadoras deste Concello. Paso a dar lectura da proposta seguinte:

“Visto que pola da mesa xeral de negociación na súa sesión celebrada en data 27.06.2022 acordouse o Texto do I Convenio colectivo do persoal laboral municipal,



sen prexuízo de que, unha vez celebrada a Asemblea Xeral de Traballadores e emitidos os preceptivos informes de secretaría e intervención e a vista do que neles se dispoña, se convocara unha nova mesa de negociación para dar por finalizadas as negociacións.

Visto que o informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 17.10.2022 advirten da necesidade de corrixir unha serie de cuestións de legalidade no texto do convenio para que este poda ser informado favorablemente.

Visto que efectuadas as correccións das cuestións de legalidade no texto do convenio e sometido o mesmo á mesa de Negociación en data 24.10.2022 este foi aprobado por unanimidade.

Vista a dilixencia emitida por Secretaría e Intervención, facendo constar que as cuestións de legalidade advertidas no seu informe están debidamente corrixidas no texto do Convenio aprobado pola Mesa de Negociación en sesión de data 24.10.2022,

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. *Aprobar e subscribir o I convenio colectivo del persoal laboral do Concello de Salceda de Caselas para o período 2022-2023 acordado pola Comisión Negociadora de data 24.10.2022, e cuxo contido se achega como anexo.*

SEGUNDO. *Comunicar o Acordo do Pleno á Comisión Negociadora e notificar o mesmo aos representantes do persoal con indicación dos recursos que se estimen pertinentes. Así mesmo, emprazar ás partes para a firma do Convenio Colectivo.*

TERCEIRO. *Asinado o Convenio Colectivo, que pola Comisión Negociadora se presente o mesmo ante a Autoridade laboral competente, aos efectos de Rexistro e para que ordene a súa publicación obrigatoria no Boletín Oficial da Provincia».*

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar e subscribir o I convenio colectivo del persoal laboral do Concello de Salceda de Caselas para o período 2022-2023 acordado pola Comisión Negociadora de data 24.10.2022, e cuxo contido se achega como anexo.

SEGUNDO. Comunicar o Acordo do Pleno á Comisión Negociadora e notificar o mesmo aos representantes do persoal con indicación dos recursos que se estimen pertinentes. Así mesmo, emprazar ás partes para a firma do Convenio Colectivo.

TERCEIRO. Asinado o Convenio Colectivo, que pola Comisión Negociadora se



presente o mesmo ante a Autoridade laboral competente, aos efectos de Rexistro e para que ordene a súa publicación obrigatoria no Boletín Oficial da Provincia».

Expediente 1477/2022. Adhesión ao convenio marco de colaboración para o establecemento dun servizo de recollida de animais de compañía abandonados.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. González Coto: O obxecto deste convenio é establecer as pautas de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Salceda de Caselas en prestar un servizo de animais abandonados de especie canina, en réxime de competencia delegada, así como a recollida de animais domésticos mortos, gatos e cans, das vías e estradas municipais. O noso concello non dispón de sitios propios para cumprir esta competencia en materia de custodia e mantemento dos animais abandonados porque non temos nin persoal especializado en recollida, nin en captura nin en mantemento nin para a atención veterinaria, polo tanto, vemos que este convenio é o máis acaído para firmar, xa que hai 51 Concellos da Provincia de Pontevedra que están adheridos, debido a entrada en vigor da Lei 4/2017, do 3 de outubro de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, primeiro porque cumpre coa lexislación vixente e despois porque posúen unhas instalacións adecuadas. Trátase dun convenio marco para poboación de menos de 50.000 habitantes que poidan adherirse, que ten un custo de 0,40 € por habitante e que está firmado e propoñemos o período de catro anos con unha prorroga doutros catro anos.

Sr. González Souto: Alegrámonos da proposta do goberno para a subscrición deste convenio coa Deputación, creemos que chega tarde que é unha boa maneira de centralizar este tipo de servizos, entendemos que este servizo vaise normalizar e vai a cumprir coa Lei 4/2017 do 3 de outubro e incluso que será máis económico para as arcas do Concello. É certo que o convenio non está precisamente actualizado pero entendemos que é o que hai e a Deputación non tivo a ben modificalo. O convenio non ten data e de feito si o leemos ao detalle a lexislación no convenio nin está actualizada, pois fai unicamente mención á Lei 1/1993 do 13 de abril e ao Decreto 1053/1998 do 2 de abril, a posteriori hai unhas modificacións, unha Lei do 2014 do 10 de setembro e tamén unha Lei do 4/2017 do 3 de outubro, que acaba de mencionar.

É certo que na proposta de Alcaldía si que se fala deste marco xurídico de que está en vigor a Lei antes citada, do ano 2017, de feito é simpático porque di na proposta da Alcaldía *“que para cumprir correctamente e eficazmente e sen atrasos esa normativa subscríbese este convenio”* ¿En serio? Correctamente, eficazmente e sen atrasos todas as funcións e compromisos subscríbese este convenio a finais do 2022? Cando a normativa é do 2017. No punto cinco da páxina 6, concretamente a Lei 4/2017 di que *“se transcorridos dous días dende a comunicación unha persoa propietaria esta non procedeu a retirar o animal o centro notificaralle que dispón de dez días naturais a contar dende o día seguinte a notificación”*, é dicir, serán doce



días non dez como pon o convenio, non está ben recollido. No artigo 23 da citada lei, recolle no punto 1, para que vostedes poidan consultar o digo, que o convenio como tal ao non estar actualizado non está correcto coa normativa vixente. Na páxina 6 punto 4 tamén fala dunha colaboración do Concello coa empresa adxudicataria, estaría ben que neste pleno se diga ou se fixeran propostas, no eido de dar ideas de como vai a ser esa colaboración coa empresa adxudicataria. Tamén entendemos dende o Grupo Popular que non estaría demais unha campaña informativa aos veciños para que estean ao tanto da entrada do funcionamento deste servizo e advertilos que si deixan ao animal solto ao mellor teñen uns gastos e ter que ir buscalo a Meis. Xa para rematar, quería plantexar dúas peticións, si o can non se localizan os donos que nos expliquen cal é a forma de proceder, non estaría de máis que nos indicasen como se prestaba o servizo ata agora, é dicir, como era o protocolo para a recollida de cans abandonados en Salceda, sería interesante saber onde estabamos e cara a onde camiñamos.

Sra. Castiñeira Alén: Non debe estar tan mal o convenio cando 51 concellos se acolleron a el, e entendo que diferentes cores políticas e composicións de gobernos, tal malo non debe ser. Fas unhas series de melloras que deberían ser recollidas é máis, vouche dar a razón en que me gustaría que este convenio fose un pouquiño máis ambicioso e penso, por exemplo, para min animal de compañía tamén é un gato, voto en falta que se fagan cargo de este tipo de mascotas. Sabedes que manter as colonias controladas nos nosos Concellos é responsabilidade, precisamente, dos Concellos e creo que podería haberse recollido neste convenio, ademais creo que sería unha boa suxerencia para si se decide mudar en algún momento, recollan este contido, creo que as colonias teñen que ser controladas e si as colonias o están o benestar e tanto para a parte humana como para a parte animal. Tamén me gustaría que este convenio contemplase o que lle chamamos o método FES, facturar, esterilizar e soltar. Agardo que algún día o vexamos recollidos, pero mesmo así benvido este acordo eu creo que é un pasiño máis para o benestar animal, o benestar das nosas mascotas así que Movemento Salceda vai votar a favor.

Sra. Alcaldesa: Fronte a un convenio marco non ten a capacidade o Concello de modificar ese convenio marco que fai a Deputación.

Sr. González Coto: O que acaba de dicir a Alcaldesa é verdade, ao ser un convenio marco non podemos modificalo e recoller as aportacións da nova lei de benestar animais de compañía de Galicia, pero si que recollemos igual as túas peticións, en canto a campaña informativa unha vez asinado poderemos trasladarllo aos veciños para que saiban realmente do novo funcionamento deste convenio e en canto onde estabamos antes pois era un servizo que se estaba realizando cunha empresa privada de aquí de Salceda e agora o que vamos asinar un convenio que vai repercutir nun mellor servizo, cumprindo a lexislación e con instalacións adecuadas.

Sr. González Souto: Dixemos que nos alegrabamos da proposta do goberno, simplemente puntualizo que o convenio podería estar mellor no sentido de que hai



erratas no convenio que deberían subsanarse e ao mellor dende o Concello se debería falar coa Deputación sobre este tema do convenio e solucionalo, matizalo, porque de feito hai ese punto que lle dicíamos antes, non son 10 días, a normativa di 12 días, non é aportar máis servizos, parécenos ben porque pensamos que é unha mellora con respecto ao que había, nas súas intervencións botei de menos xustificar o retraso, faláron de moitas cousas pero non xustifican porqué tantos Concellos están adheridos e porqué este Concello aínda non. En canto ao respecto ao método FES e s colonias de gatos, que acaba de mencionar Loli, as colonias de gatos dependen do Concello, están todos esterilizados? Por parte do Partido Popular que os cans hoxe están de parabén, as ras non estiveron no seu momento e polo tanto alegrámonos que trouxeran esta proposta para a súa aprobación.

Sra. Alcaldesa: Creo que hoxe, si, parabén aos animais domésticos de compañía pero creo que, máis alá de que con retraso ou sen retraso, si é verdade que é outro dos deberes pendentes, hoxe traémolo aquí a aprobación. Como dicía antes non podemos nós dende o Concello modificar un convenio marco da Deputación de Pontevedra, por suposto que lle faremos chegar esas conclusións as que hoxe chegamos aquí neste pleno da Corporación. Dicar que si 51 Concellos, algúns a tempo outros, como di o compañeiro do Partido Popular, ao mellor a destempo, porque fai nada, cuestión de semanas, había 48 e agora hai 51, co cal quero dicir que os Concellos se van sumando na medida do posible a estes convenios. Creo que ademais debemos actuar como administración, ir pasiño a pasiño cara a estas mancomunidades de servizos que o que nos levan é a un aforro económico e ademais a un mellor servizo a veciñanza, co cal, creo que hoxe este convenio é unha boa noticia e me alegro que a pesar dos matices entendo que toda a corporación vai a votar a favor. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto o Convenio marco remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra relativo á colaboración provincial na prestación do servizo de recollida de animais de compañía abandonados en réxime de competencia delegada así coma a retirada dos animais domésticos mortos (gatos e cans) das vías públicas e estradas dos municipios que decidan adherirse a este convenio.

Considerando que o Concello de Salceda de Caselas non dispón de núcleo propio para a custodia e mantemento dos animais, nin de persoal especializado en recollida, captura, mantemento e atención veterinaria. En consecuencia, para garantir o adecuado desenvolvemento do control sanitario de animais de compañía, cumprindo correcta, eficazmente e sen atrasos, todas as funcións e compromisos descritos na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, é necesaria a subscripción do convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra.

Considerando que a cláusula cuarta do referido Convenio, establece que os Concellos interesados deberán adoptar o correspondente acordo de adhesión ao mesmo nos termos e condicións que se establecen no mesmo



Visto o disposto no informe de Secretaría núm. 2022-0031 y no informe de Intervención núm. 2022-0210, que advirten da necesidade de no acordo plenario de adhesión se estableza o prazo de adhesión ao convenio, por non establecerse no convenio marco remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra.

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro. *Aprobar a adhesión do Concello de Salceda de Caselas ao “Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as entidades locais da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para o establecemento dun servizo de recollida de animais de compañía abandonados”, por un período de catro anos, con opción de poder prorrogalo por unha soa vez e por outros catro anos adicionais.*

Segundo. *Delegar a favor da Deputación de Pontevedra as competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de animais de compañía abandonados, incluída a resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados no exercicio das competencias delegadas, nos termos establecidos na cláusula terceira apartado a) do convenio marco.*

Terceiro. *Adquirir o compromiso de realizar as achegas económicas que establece o apartado quinto do convenio.*

Cuarto. *Facultar á Alcaldía-Presidencia, para asinar os documentos que deriven deste convenio.*

Quinto. *Notificar o presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.”*

VOTACIÓN: **Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:**

Primeiro. *Aprobar a adhesión do Concello de Salceda de Caselas ao “Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as entidades locais da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para o establecemento dun servizo de recollida de animais de compañía abandonados”, por un período de catro anos, con opción de poder prorrogalo por unha soa vez e por outros catro anos adicionais.*

Segundo. *Delegar a favor da Deputación de Pontevedra as competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de animais de compañía abandonados, incluída a resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados no exercicio das competencias delegadas, nos termos establecidos na cláusula terceira apartado a) do convenio marco.*

Terceiro. *Adquirir o compromiso de realizar as achegas económicas que establece o*



apartado quinto do convenio.

Cuarto. Facultar á Alcaldía-Presidencia, para asinar os documentos que deriven deste convenio.

Quinto. Notificar o presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.

Moción do grupo do PP s/ melloras na estrada PO-411.

Sr. Rodríguez Davila: Presentamos a moción para debater no pleno de hoxe seguinte:

*“O Grupo Municipal Popular no Concello de Salceda de Caselas de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais eleva ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de **MOCIÓN:***

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada PO 411 é unhas da máis transitadas e utilizadas no día a día, tanto para saír ou vir o noso Concello ou para desprazarse internamente, especialmente para achegarse o IES Pedras Rubias ou cara as parroquias de Soutelo e Budiño. Nos últimos meses púxose un servizo unha Senda Peonil e ciclista executada pola Xunta de Galicia, logo dunha inversión cercana a un millón de euros e que une xa o casco urbán da Esfarrapada co mencionado Instituto, pasando polos diferentes barrios da parroquia de Parderrubias, que viron como a súa seguridade o carón desa estrada mellorou e moito.

O Concello tivo a ben colaborar e executar obras de saneamento durante dita obra, quedando pendente algún ramal en varias vivendas que a día de hoxe seguen a espera de que se lle de unha solución. Igualmente, no cruce que da acceso o IES, logo desa obra da Senda, mellorouse considerablemente a seguridade en xeral, pero temos que ir máis aló e solicitar unha mellora en canto a circulación do tráfico, a seguridade dos peóns que alí cruzan a diario, así como a execución de unha nova beirarrúa - senda en todo ese entorno do cruce e que recolla todos os desprazamentos a pe, necesarios e precisos para os veciños da zona e os que por alí pasan.

Así mesmo, pensamos que temos que dar continuidade a esa Senda cara a Esfarrapada pola marxe que non se executou neste primeiro momento o igual que eses pequenos ramais de saneamento que quedaron pendentes, como xa mencionamos anteriormente. Somos conscientes de que acabamos de ver realidade esa Senda, de que vimos dunha gran inversión económica, pero tamén sabemos que hai que seguir pondo enriba da mesa as melloras que son necesarias e que



cambiarían pa ben, a seguridade dos mozos e mozas que acoden o IES, o tráfico, a paisaxe e todo ese entorno que gañaría en todos os aspectos.

*Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Salceda de Caselas, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO o Pleno Municipal**:*

- 1. Que se de traslado a Xunta de Galicia da necesidade de seguir mellorando a seguridade na PO 411 no treito a Esfarrapada – IES Pedras.**
- 2. Que se estude a viabilidade de construción dunha rotonda no cruce que da acceso o IES Pedras Rubias, así como a seguridade dos peóns que nesa zona cruzan a diario, especialmente as mozas e mozos que van o Instituto, construíndo beirarrúas – senda en todo ese entorno.**
- 3. Que se contemple a prolongación da Senda Peonil na marxe que non se executou neste primeiro momento, así como o saneamento pendente en colaboración co Concello. “**

Creo que é unha moción, si o Pleno ten a ben aprobar, para instar ao Goberno de Galicia que siga mellorando todo o entorno da PO 411, no entorno entre a Esfarrapada e o instituto, eu creo que todos somos conscientes e podemos ver hoxe en día do moito que cambiou o entorno da marxe dereita cara o instituto coa construción desa senda, da gusto ver rapaces, xente maior poder camiñar, pasear ao lado desa estrada despois da execución desa senda, polo tanto, iso é o que propoñemos e o que sometemos a debate e a votación.

Sr. González González: Os tres puntos que plantexades aquí na moción, punto un, mellora da seguridade da senda; punto dous, que se estudie a viabilidade dunha rotonda no cruce de Pantel e o tres, a prolongación da senda peonil na marxe esquerda, nós como Movemento Salceda non vamos a ter ningún problema en asumir estes tres puntos pero imos engadir un punto máis, si vós o aceptades, que sodes quen presentades a moción. Esta senda que foi inaugurada o 10 de marzo deste ano, estaba presente a Sra. Conselleira de infraestruturas Ethel María Vázquez, estaba presente o Director do AXI, o Director de Estradas da Provincia etc... esta senda foi un parto moi longo, foi executada a última dunha tanda de sendas financiadas pola Unión Europea para aforro de emisión de CO2. Este proceso empezou fai dúas lexislaturas, houbo moitas negociacións cos técnicos da Xunta de Galicia, cos técnicos da AXI, e pateo de toda a senda dende a Lagüela ata o IES a pe co Director provincial. Nese proceso admitiron moitísimas das melloras que se lle aportaban dende o Concello, xa o dixen aquí noutros plenos, foron tres tramos de saneamento en Piñeiro, na recta do Agro e o outro en Pantel. Aceptaron tamén da substitución da acometida de augas de Parderrubias e outra mellora que tamén foi a ampliación da senda ata a porta do instituto que en principio ía a ser 500.000€ e que con estas melloras pasou a 900.000€, por esa parte moi agradecidos de que a Xunta executara isto con todas as melloras que nós lle pedimos e por outra parte,



recriminarlle a lentitude que ten sempre a Xunta co Concello de Salceda, lentitude nesta obra, lentitude na execución da construción do Centro de Saúde, lentitude nos saneamentos, lentitude na devolución dos fondos europeos, que neste caso da senda tamén estivo a punto, xa que foi a última en executarse no último minuto. Sempre a Xunta vai arrastrando os pes cando se trata de investir diñeiro público en Salceda. Alégrome moito de que traian esta moción de petición á Xunta, alégrome que cambiedes un pouquiño de actitude e que sexades máis pro-activos nas peticións a Xunta porque vós aí, como dicía antes Primitivo, tedes fío directo. Falta por executar unha parte da senda que está no proxecto que non se executou, que é o separador vexetal. No proxecto da senda hai un separador vexetal que separa o que é a senda da estrada, de feito os parterres quedaron todos feitos pero non puxeron as plantas, que son unhas plantas arbustivas verticais que non ocupen moito sitio e así llo fixemos saber cando estivo aquí a Sra. Conselleira e ao Director Provincial, desculpáronse que iso era cousa de SEAGA, como si SEAGA non fora un organismo que obedecera as ordes da Xunta, incluso a Sra. Ethel dixo que o que nos faltaba era converternos en xardineiros, textual, iso si que melloraría moito a seguridade.

Respecto a emenda que queremos engadir a esta proposta, está a execución do enlace da Lagüela, a senda nace aquí, nos edificios da Lagüela onde remata a estrada da Xunta e nós plantexámoslle a mellora do enlace da Lagüela para sacar o tráfico pesado do centro da Vila, é unha cousa na que levamos insistindo moito, Loli e máis eu presentámoslle a Sra. Conselleira en Santiago o proxecto alí na mesa, conversamos con ela, un proxecto que pagou o Concello de Salceda de Caselas a empresa Óptima con dúas mini-rotondas, unha en cada punto para sacar todo o tráfico pesado do centro da vila e senón lle gustaba ese, que redactaran outro. Volvéuselle a plantexar cando estivo aquí inaugurando a senda e volvemos a ter unha reunión en Pontevedra cos Directores provinciais da AXI, que volveron a levar este proxecto a Santiago, segundo nos consta, e estamos a día de hoxe esperando resposta, creo que é de máxima importancia ese enlace da Lagüela moito máis importante que outras obras, isto é competencia exclusiva da Xunta de Galicia e pedímosvos que nos bodedes unha man.

Sra. Alcaldesa: Efectivamente eu creo que a demanda que fai Miguel é unha demanda histórica, creo que todos vamos a estar de acordo ou deberíamos estar de acordo, eu tamén me alegro e me sumo tamén a Miguel, de que o Partido Popular traia a pleno unha petición á Xunta de Galicia, o Partido Socialista, moitas veces reclamamos ao noso partido, cando se goberna, neste caso ao Goberno Central ou á Deputación de Pontevedra reclamamos esas necesidades para Salceda, sempre dicía que o Partido Popular non o facía, co cal eu tamén me alegro de que cheguen peticións á Xunta de Galicia da man do Partido Popular. Efectivamente dende o Concello e o di a moción, neste caso dende a Concellería que leva Rubén, acometéronse obras para a conexión de saneamento aproveitando esa senda, si ben tamén temos que dicir que a todas esas negociacións que falaba Miguel, engadir que incluso cando se estaban desenvolvendo estas obras tivemos que seguir negociando porque os cortes da estrada non permitían, tivemos que falar con eles para que se



moveran un pouco de sitio porque tampouco permitía facer o enganche a esas oito vivendas que se engancharon e creo que tiveron a ben esas aportacións que se lle facían dende o Concello. Dicur tamén, que ese cambio houbo que facelo porque o proxecto non lle daba saída ao enganche ao colector xeral, co cal esas casas tampouco podían ter saída, pero repito, tiveron a ben coller esas propostas e gracias a iso hai un pouquiño máis de saneamento nesa parroquia, unha obra que contou coa colaboración tanto do Concello como da veciñanza en xeral, hai que destacar tamén esa colaboración.

Outro dos puntos que pon a moción é a necesidade de facer outra senda pola outra marxe, nós sempre defendemos ese trato igualitario da veciñanza da zona tivese tamén polo outro marxe e por suposto, para nós estas peticións son totalmente asumibles, todas e de feito consideramos que mellorar todo o que sexa esa senda e tamén a seguridade, si ben, eu estiven tamén nesa visita da Conselleira e alí incluso se lle falou das peticións que había da veciñanza da rotonda e de incluso de paso de peóns e ela mesma dixo que os técnicos non recomendaban demasiado esa actuación alí. Por suposto, si lle facemos chegar a proposta unánime e a teñen a ben acoller, por suposto nós nos sumamos. Dicur que en relación á mellora da seguridade, neste pleno se falou tamén da baranda de encima da ponte da Lagüela e se recolleu a proposta e dende o Concello se lle enviou a Infraestruturas a petición desa mellora tamén e creo que todos os membros da Corporación e dos tres partidos que representamos a Corporación estamos de acordo en que todo o sexa mellorar nos vamos a sumar.

Sr. Rodríguez Davila: Alegrámonos que vostedes vaian a apoiar esta moción e xa que Movemento Salceda fixo unha proposta, nós non a incluimos porque dábamos por feito que vostedes tiñan resolto ese asunto, como vexo que non teñen resolto ese asunto, a nosa pregunta é a seguinte, saber concretamente cal é a proposta do goberno municipal respecto da petición do enlace da Lagüela? É dicir, hai tres posibilidades feitas públicas nos últimos anos por parte dos grupos de goberno en diferentes ocasións, primeiro: qué enlace queren pedir vostedes? A rotonda á altura que plantexaban no Plan Xeral tirando a ponte a baixo e facendo esa rotonda en altura pilotada? Dous, queren propor esas dúas rotondas a ambas marxes da ponte actual, facer unha rotonda máis ou menos a altura da subida á igrexa de Parderrubias e outra rotonda á altura dos edificios é dicir, da saída que hai a día de hoxe vindo de Salvaterra? Ou tres, facer un enlace directo cara a Salvaterra vindo de Parderrubias cara ao casco urbano? Aclárense vostedes, nolo din e en función diso, o planteamos ou senón facemos unha petición xenérica, porque se entre vostedes non o teñen claro, facemos unha petición xenérica de incluír un punto onde se mellore un enlace directo na PO 411 cara a PO 510, deixando aberto e xenérico e non discutimos.

Sr. González González: Ese enlace é competencia da Xunta de Galicia, nós para facilitarlle as cousas levámoslle un anteproxecto elaborado por unha empresa de enxeñería, para que tivesen unha base de traballo aí se contemplaban unha rotonda



a cada lado sen demoler o que hai feito agora, con esas dúas rotondas sacábase todo o tráfico pesado do centro da Vila, agora non poden acceder os que veñen de Parderrubias cara a Salvaterra, non poden acceder, teñen que cruzar o centro da vila, estamos falando de camións de corenta toneladas de peso que pasan pola zonas humanizadas da Devesa e da Gándara e proximamente que se vai a humanizar a rúa Vigo, pasan por aí eses camións de gran tonelaxe, nós iso queremos sacalo de aí. Tampouco hai saída de Salvaterra a Tui tampouco existe por esa saída que fixeron alí a executaron mal porque devolve o tráfico ao centro da vila, porque é imposible dar o xiro cara a Tui e nós plantexamos a solución de sacar todo o tráfico. Tamén lle dixemos que a competencia é exclusiva da Xunta, da AXI e que eles elaboraran o seu propio proxecto si non lles valía ese. Hai unha cuarta posibilidade das que ti dixeches, que é demoler aquilo e facer unha rotonda única en superficie que tamén daría solución a todo e que ademais calmaría o tráfico naquela zona que, como sabedes, houbo bastantes accidentes por exceso de velocidade, está nas mans da Xunta só vós pedimos que votedes unha man.

Sr. Rodríguez Davila: Nós opinamos que estes son os debates que se teñen que producir pero non no pleno, senón noutros foros entre os membros da Corporación. Vostede acaba de recoñecer agora que fixeron un anteprojecto pagados con fondos do Concello sobre unha vía que vostedes non teñen competencia, é dicir, como aquí vamos sobrados de pasta que máis da, gastamos miles de euros o que non se pode, iso é despilfarrar ou malgastar cartos públicos nun asunto que vostedes non teñen competencia. Dedíquense vostedes a facer proxectos nunha circunvalación, nunha estrada municipal onde si teñen competencia para presentar onde haxa que presentar para pelexar, para conseguir eses fondos, pero non, vostedes dedícanse a facer anteprojectos e facer populismo. Isto é o que fai este goberno, a parte de gastar o diñeiro nese estudio desas futuras rotondas, gastan diñeiro en colocar unha valla sobre a ponte da Lagüela fai moitos meses, sendo Alcaldesa M^a Dolores Castiñeira, para dicir aos veciños que estamos traballando nesto e isto vai ser a solución, iso non é ser serio, iso é malgastar o tempo e malgastar o diñeiro nunha cuestión onde vostedes saben perfectamente do posicionamento dende fai moitísimos anos deste Grupo, onde vostedes plantexaron outras alternativas como lle acabo de dicir e onde acaban de recoñecer que monta tanto, tanto monta, que o importante é unha solución, que nos parece ben, pero o que non poden é malgastar diñeiro dos salcedenses nun tema concreto, cando saben que hai outros posicionamentos ao respecto dese enlace e o normal sería facer unha reunión de portavoces ou de Grupos políticos da Corporación en cada momento, traballar sobre ese acordo, sair cunha proposta unánime e traballar sobre iso. Iso é o que teñen que facer e iso é o que ten que facer un Alcalde/Alcaldesa que queira liderar un proxecto unánime da Corporación, en representación de todos os veciños, e vostedes non fan nada ao respecto en moitos asuntos que son de interese xeral, iso é o que tiñan que facer e logo queren que os demais axudemos, cando vostedes nin contan con un para nada, nin para consensuar ningunha proposta, nin para un tema realmente importante para o Concello. Si vostedes teñen a ben aceptar incluír unha proposta de mellora de enlaces sobre a PO-510 coa 411 non hai ningún problema, incluímos de



lindo gusto de petición de mellora de enlace e logo seremos todos os que acordemos unha proposta e traballemos por ela. Eu creo que humildemente, a mellor solución sería si é viable, si é posible, esa gran rotonda a altura da PO-510 que resolvería definitivamente toda a seguridade viaria e sobre todo, cambiaría a entrada ao casco urbano da Esfarrapada, cambiaría rotundamente. Deixámola aberta para que cando no futuro sexa a debatamos, a acordemos e traballemos conxuntamente para conseguir ese mellora viaria.

Sr. González González: A redacción do cuarto punto desta moción a proposta de Movemento Salceda, quedaría así: “Propoñemos a mellora do enlace da PO-510 coa PO-411 a altura da Lagüela e que recolla todas as entradas e saídas para que o tráfico pesado non teña que circular polo centro da Vila”.

Sr. Rodríguez Davila: Nós como propoñentes desta moción aceptamos o punto, porque non o puxemos nese punto porque dabamos por feito de que estaba a cousa resolta por parte do Goberno. Todos de acordo que ese punto vaia redactado así, agradezo o ton, o debate e creo que isto debe repetirse máis a miúdo, non no pleno senón noutros foros.

Sra. Alcaldesa: Gustoume a última frase do compañeiro do Partido Popular, traemos, propomos, despois non se executan, eu espero que a Xunta recolla todo iso e o execute, de todas formas si que recollo a testemuña dalgunhas cousas que se faloron aquí e eu creo que é unha maneira de empezar e que consigamos esa reunión tamén coa Xunta de Galicia que todos manifestamos aquí, que ao final é a que ten que dar resposta e que poidamos propoñer, debater e que eles tamén nos propoñan tamén cal é a súa idea sobre ese enlace.

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción , esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Que se de traslado a Xunta de Galicia da necesidade de seguir mellorando a seguridade na PO 411 no treito a Esfarrapada – IES Pedras.

SEGUNDO: Que se estude a viabilidade de construción dunha rotonda no cruce que da acceso o IES Pedras Rubias, así como a seguridade dos peóns que nesa zona cruzan a diario, especialmente as mozas e mozos que van o Instituto, construíndo beirarrúas – senda en todo ese entorno.

TERCEIRO: Que se contemple a prolongación da Senda Peonil na marxe que non se executou neste primeiro momento, así como o saneamento pendente en colaboración co Concello.

CUARTO: Propoñemos a mellora do enlace da PO-510 coa PO-411 a altura da Lagüela e que recolla todas as entradas e saídas para que o tráfico pesado non teña que



circular polo centro da Vila.

Moción de urxencia

1) Moción ó Pleno ordinario do 27 de outubro de 2022, presentada por: o Club de Baloncesto Caselas, as EDM de Tenis, o Club Bádminton Caselas, o Club Balonmán Caselas, a ANPA Pantel, a ANPA Altamira, a ANPA As Landras, a ANPA Os Meniños de Salceda e a asociación SAPIX.

Sr. González Coto: Paso a dar lectura a moción presentada para proceder a votar a súa urxencia:

“Sobre a necesidade de construír un novo pavillón polideportivo en Salceda de Caselas, debido á falta de espazo para poder practicar deporte, tanto dos usuarios dos clubs, das EDM e de calquera persoa da vila que queira facer deporte nun espazo pechado acondicionado para a práctica deportiva; polo que queremos someterá consideración do Pleno a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Queremos amosar a nosa preocupación no eido deportivo do noso concello, tanto a nivel federado coma de ocio. Practicar deporte en Salceda estase a converter nun servizo de luxo.

Os clubs usuarios do pavillón e as EDM precisan solucións urxentes para as necesidades que levan reclamando durante varios anos. Solucións para que todos/as os nenos e nenas que queiran, poidan facer deporte na súa vila.

O noso pobo é un dos poucos de Galicia que ten un saldo vexetativo positivo, senda o máis xove da nasa área, cunha idade media por debaixo dos 40 anos. Isto, que é un dato moi positivo, suxire que a natalidade manterase no tempo como vén facendo dende hai anos.

Actualmente nas EDM hai anotadas preto de 600 nenas e nenas. As solicitudes medran ano tras ano, sen poder aceptalas todas. Temos as mesmas instalacións municipais deportivas cubertas que hai 20 anos, cando a poboación na vila comezou a medrar cada ano. Se consultamos no IGE os datos do padrón municipal de fai 20 anos, a poboación total entre 3 e 18 anos, había 500 nenas e nenas menos que a finais do ano 2021, no que a poboación total nesa franxa de idade era de 1690 persoas. Esta é a cantidade de nenas e nenas que son usuarios/as potenciais dos pavillóns de Salceda. A esta cifra habería que sumarlle as persoas que xogan na categoría senior, maiores de 18 anos, ademais das persoas adultas que queiran practicar deporte.



*Salceda tan só ten un pavillón municipal. Os clubs e as EDM teñen que facer uso do pavillón de Parderrubias, que pertence ao IES Pedras Rubias, para poder ter máis espazo para practicar todos os deportes que se ofertan no noso concello, agás o fútbol 11 e fútbol 8. **Aínda así, as instalacións son insuficientes.** Ademais hai varios equipos entrenando no pavillón de Entenza, polo que o concello paga un aluguer por cada un dos equipos que adestran no mesmo.*

No curso actual, 2022-2023, ao igual que o curso anterior, segue habendo nenas e nenas que, dependendo da categoría e a modalidade deportiva, quedan fora por falta de prazas por falta de espazo. Hai cativos e cativas en lista de espera para algún deporte porque non se poden habilitar máis horarios por falta de espazo e instalacións para a práctica deportiva.

Vense na obriga de xuntar categorías para poder sacar adiante os seus proxectos deportivos, perdendo así calidade nos adestramentos para os seus deportistas xa que, en moitas categorías, teñen que adestrar a media pista ou incluso a un tercio de pista.

*Senten frustración porque levan moitos anos de traballo para medrar coma clubs, tanto en número de persoas coma para impartir unha formación deportiva integral de calidade aos rapaces e rapazas da vila e, cando o conseguen, non poden soportar ese crecemento pola falta de espazo e medios. No concello de Salceda de Caselas, **incúmprese** os artigos das seguintes leis:*

*Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.
TÍTULO II De las competencias de Galicia.
CAPÍTULO I De las competencias en general*

*Artigo 27: En el marco del presente Estatuto **corresponde a la Comunidad Autónoma Gallega la competencia exclusiva** de las siguientes materias:*

*Veintidós. **La promoción del deporte** y la adecuada utilización del ocio.*

Ley 6/2012, de 19 de junio, de juventud de Galicia Artigo 11: Juventud, salud y deporte

*2. **La Xunta de Galicia**, en materia de políticas transversales de deporte, llevará a cabo una **planificación ultidisciplinaria y estratégica para dar una respuesta integral al sedentarismo y sobrepeso en la infancia, juventud y a lo largo de toda la vida, concebida para toda la población, ya que el deporte es un aspecto importante en la mejora de la calidad de vida de la juventud** .*

*"Ley 3/2012 do 2 de abril, do deporte en Galicia": Artigo 3: Principios rectores:
Letra b) **El derecho de todos los ciudadanos a conocer y a practicar deporte de forma libre, voluntaria y democrática, en términos de igualdad y sin discriminación alguna.***



Letra k) *La eficacia, eficiencia, descentralización, desconcentración, coordinación, colaboración y participación de las entidades públicas y privadas, y la promoción de la colaboración entre el sector público y el privado a fin de **garantizar la más amplia y mejor oferta deportiva.***

Artigo 4 Principios generales:

Letra e) *La promoción y difusión del conocimiento y de la enseñanza del deporte, **cuidando especialmente la práctica deportiva en edad escolar** y universitaria.*

Letra f) ***El fomento del asociacionismo deportivo.***

Letra j) ***La planificación y promoción de una red de instalaciones deportivas que posibilite la generalización práctica de la actividad de portiva .***

Artigo 8: Los municipios: Los **municipios**, en los términos que dispone la presente ley, la legislación de régimen local y la legislación sectorial del Estado, **ejercerán en su correspondiente ámbito territorial las siguientes competencias:**

Punto 1: **Fomentar, promover y difundir el deporte, especialmente el deporte en edad escolar.**

Punto 3. **Construir, gestionar, ampliar y mantener las instalaciones deportivas de titularidad municipal** y, en su caso , la gestión y mantenimiento de las de titularidad autonómica cuyo uso y gestión les sean cedidos, teniendo en cuenta la cualificación adecuada del personal responsable para esas finalidades.

Punto 4: **Velar por la plena utilización de las instalaciones deportivas de su titularidad, procurar la participación de las asociaciones deportivas de su ámbito municipal en la optimización del uso de éstas y cuidar sus condiciones de higiene y seguridad.**

Punto 9. **Cualquier otra actuación que redunde en beneficio del desarrollo deportivo local** o que les pueda ser atribuida legal o reglamentariamente y que contribuya a los fines u objetivos de la presente le y.

Artigo 9: Relaciones interadministrativas:

*Las competencias en materia de deporte de las diferentes administraciones públicas de Galicia se ejercerán bajo los **principios de cooperación, colaboración, coordinación** e información multilateral.*

Artigo 30: Facilitación de la actividad física

*A fin de dar cumplimiento a la previsión del artículo anterior **se fomentará la realización de la actividad física** y, en su caso, la **habilitación de espacios y lugares públicos para su realización** en condiciones de seguridad y protección.*

Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia Sección S. De los municipios rurales

Artículo 100:

2. Los municipios rurales y la Junta de Galicia podrán celebrar Convenios mediante los que se regularán las formas de asistencia y cooperación técnica y económica destinadas a **dotar a aquellos de la infraestructura precisa para garantizar la prestación de los servicios mínimos a los ciudadanos.**



Os clubs usuarios do pavillón e as EDM levan anos solicitando de maneira lóxica, respectuosa e educada estas necesidades e, a día de hoxe, e nun futuro próximo e a medio e longo prazo, seguen sen solución. En marzo deste ano, presentaron un escrito ante o concello no que pedían un novo pavillón, cubrir as pistas de detrás do pavillón para poder facer uso delas e unha persoa conserxe.

Destas tres causas conseguiron por uns meses un conserxe contratado ao abeiro da liña 3 do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra. A día de hoxe están outra vez sen ninguén que leve a cabo ese traballo, tendo que asumilo os propios clubs e persoas usuarias do pavillón.

Ademais de todo o referente aos clubs que utilizan os pavillóns e ás EDM, en Salceda tampouco as persoas temas onde practicar deporte, non podemos alugar instalacións deportivas cubertas para uso privado. O deporte é vida e saúde pero tan só están dispoñibles espazos ao aire libre para correr ou montar en bici.

Precisamos instalacións e espazos deportivos para uso público e particular. Todo o exposto afecta a infancia e a xuventude de Salceda e as súas familias, que vemos como tampouco no ámbito deportivo, temos uns servizos acordes ao número de nenos, nenas e familias que ten a nosa vila.

A Xunta de Galicia e o Concello de Salceda de Caselas teñen que atopar solucións ás demandas da súa poboación e aportar os medios para que a infancia, a xuventude e as súas familias poidan desfrutar dunha oferta deportiva de calidade e de espazos onde practicar deporte.

*Por todo o exposto; o Club de Baloncesto Caselas, as EDM de Tenis, o Club Bádminton Caselas, o Club Balonmán Caselas, a ANPA Pantel, a ANPA Altamira, a ANPA As Landras, a ANPA Os Me niños de Salceda e asociación SAPIX; **PROPOÑEMOS** ao Pleno da Corporación Municipal de Salceda de Caselas os seguintes **ACORDOS**:*

QUE a corporación municipal se una, involucre, apoie e traballe para conseguir un novo pavillón para Salceda.

QUE o concello poña a disposición os terreos, proxectos e trámites necesarios para a construción dun novo pavillón polideportivo en Salceda de Caselas.

QUE a corporación municipal inste á Xunta de Galicia á construción dun novo pavillón polideportivo en Salceda de Caselas.”

Esta é a moción, o Grupo Socialista apoia esta moción, a urxencia está máis que demostrada. Eu como Concelleiro de Deportes teño constancia da necesidade dun novo de pavillón porque así mo levan transmitido os distintos pais e nais de Salceda,



os distintos clubs de Salceda, sei das dificultades que teñen para levar a cabo os nenos as nenas toda a labor que fan nos seus clubs, eu mesmo penso que é moi necesario outro pavillón, me gustaría particularmente como Concelleiro de Deportes que houbera fondos para poder facer un pavillón municipal, e de feito seguiremos traballando, loitando e indo as institucións que faga falta a reclamar cartos e un novo pavillón para Salceda de Caselas.

VOTACION URXENCIA DA MOCIÓN: Sometida a urxencia da moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros asistentes a esta sesión, pasándose polo tanto a tratar a moción.

Sr. Rodríguez Davila: Quén non vai a estar de acordo en pedir isto? O tema é que cada un ten que asumir as súas responsabilidades e as súas competencias en cada momento, me refiro aos diferentes gobernos. Me dirixo a estes clubs, a estas Asociacións de pais e nais, entidades deportivas, Escolas Municipais e a todas as persoas que alí traballan, que alí practican deporte e os pais e nais que alí temos aos nosos fillos e creo que o din moi claro na exposición de motivos o que está a suceder nos últimos anos en canto a infraestruturas deportivas no noso Concello. Por iso queremos agradecer o traballo e a implicación con todo o que ten que ver coas Xuntas Directivas de Clubs deportivos, das ANPAS e dos diferentes colectivos ao respecto. Creo que fan, facedes moitísimo máis do que vos compete cos recursos que tedes, dades respostas a unhas necesidades que en moitas ocasións vos sobrepasan, adicades horas e horas altruistamente ao que vos gusta que é o deporte, aos cativos, en definitiva, vos implicades para que o noso Concello mellore e estea deportivamente falando ao máis alto nivel, polo tanto grazas. Non queremos hoxe entrar en debates do que se fixo ou se deixou de facer por parte do Goberno municipal ao respecto desta cuestión, porque sodes coñecedores de primeira man de todo o que se leva falado, feito ou non feito nos últimos anos, pero como ben se di no punto dous da parte de acordo desta moción, o Concello, loxicamente ten que por os terreos a disposición e a día de hoxe, que nos saibamos, non hai ningún. Non seremos nós quen lle saquemos un ápice de importancia que tanto clubs, o colectivo deportivo, como familias lles ten preocupados. Esta moción, na exposición de motivos decides de quen é cada competencia, quen ten que levar dalgún xeito a iniciativa de liderar esa reivindicación e pola enriba da mesa, pero para iso hai que ir cun traballo feito que sinceramente sabemos todos que non se fixo e que tardará bastante tempo en facerse. Non se pode, ao noso entender, ir a pedir algo cando non hai un traballo feito previo en canto as xestións de competencias municipais, me refiro como ben din na exposición de motivos e nos puntos de acordo, no tocante aos terreos, permisos, licencias, etc... Así mesmo, o que propoñedes na parte de acordo, aínda que aquí queremos matizar a interpretación dos mesmos para que non nos chamemos a engano, ninguén dos que aquí estamos e sobre todos dos que pedides esta unanimidade, que estou convencido que así vai a ser, me refiro a que non nos chamemos a engano a que no futuro próximo o que nesas tres puntos de acordo non queden ben explicados. Non seremos nós que o poñamos en cuestión



pero queremos que pola nosa parte quede constancia en acta respecto da interpretación dos tres puntos de acordo que plantexan na aprobación no día de hoxe.

No punto 1 do acordo se di textualmente: *“Que a corporación municipal se una, involucre, apoie e traballe para conseguir un novo pavillón para Salceda”*. O Goberno, o de hoxe pero tamén o que sairá en maio da urnas ten que liderar, por tanto aquí non fago fincapé no goberno actual nin nos pasados que xa sabemos todos o que sucedeu, senón que o goberno actual ata maio e o que sairá nas urnas ten que liderar a reivindicación, ten que convocar as partes, ten que facer unha proposta inicial, hai que debatila, consensuala, hai que ver a ubicación etc... para iso suponse que terá maioría no pleno e trataremos nós, onde nos corresponda, tratar de consensuar, aportar e sumar no último fin que é conseguir este pavillón.

No punto dous di textualmente: *“Que o concello poña a disposición os terreos, proxectos e trámites necesarios para a construción dun novo pavillón polideportivo en Salceda de Caselas”*. Totalmente de acordo, o comentaba fai un momento, os proxectos, permisos, etc... lle corresponden ao Concello, son tarefas que temos que facer dende o Concello e o digo en plural, e polo tanto que nós saibamos non hai nada iniciado ao respecto, creo que hai que empezar a casa pola cimentación e temos que ser dende o Concello quen inicie este expediente para logo ir a diferentes portas e petar e poder conseguir algo ao respecto.

No punto tres di: *“Que a corporación municipal inste á Xunta de Galicia á construción dun novo pavillón polideportivo en Salceda de Caselas.”* Dicir que estamos totalmente de acordo e aínda que imaxinamos que no seu momento, porque así vai a ser, todos sabemos que a Xunta de Galicia, sexa quen sexa o goberno non vai financiar ao cen por cen ese pavillón e polo tanto, creo que hai que poñer enriba da mesa proposta de convenio de colaboración, non só coa Xunta, que pode ser, si é viable, hai fondos e o Concello pon a parte que lle corresponda que para iso. Insisto, na importancia da unidade, do consenso político de Salceda respecto desas cousas que son importantísimas. Confiamos que o Concello teña que aportar o menos posible e para iso hai que saber negociar, insistir, propor, acordar e levar unha proposta unánime de todos. Como digo, seguramente se plantexará ese convenio de colaboración en que as diferentes administracións e o Concello ten que intentar que lle sexa a menos costoso posible. Tamén teño que dicir que a Deputación de Pontevedra, a través de convenios, eu sendo deputado provincial, estando no pleno da Deputación, votamos a favor de convenios de colaboración co Concello de Vigo para facer dous pavillóns cando menos, onde se financiaba ao concello de Vigo pola Deputación de Pontevedra e creo que podemos implicar ás tres administracións. O importante é facer primeiro os deberes na casa, para logo poder ir petar nas diferentes portas e así tomaríannos, creo humildemente, máis en serio, si vamos con cousas feitas, con algo en concreto e con unha idea clara do que queremos e



creo que eso é o primeiro que temos que facer dende o Concello. Remato como comecei e non queremos desviar nin sacarlle, loxicamente, o mérito a quen pretendedes con esta iniciativa, pero quero recordar o que vos vimos plantexando nos últimos anos en canto a diferentes propostas que nos levabamos nas diferentes campañas electorais, que está aí a hemeroteca respecto das infraestruturas deportivas.

Sra. Castiñeira Alén: Quero comezar a miña intervención agradecendo aos clubs e asociacións o traballo que desenvolven, a paciencia e sobre todo, a capacidade de adaptación que teñen demostrado. Con esta iniciativa creo que sodes un exemplo de entidades que se suman precisamente para conseguir obxectivos, e agardo que esta Corporación formada por tres partidos políticos, PSOE, PP e Movemento Salceda, tomemos ese exemplo e se pelexe de verdade polo interese de Salceda como facedes vós nesta moción, o que non debería acontecer é que se convirta Salceda nun campo de batalla político nas diferentes cores, prexudicando con claridade os intereses das persoas que aquí decidiron vivir e creo, ademais, que chegou o momento de tomar decisións en conxunto, de conseguir compromisos firmes de todas as administracións sen usar, como vos dicía antes, a Salceda como obxectivo político, senón dando cumprimento ao que aquí nos piden hoxe os colectivos deportivos e sociais da nosa Vila nesta moción e dende logo para Movemento Salceda, Salceda é o primeiro, o primeiro, segundo e terceiro, basicamente é a nosa única razón de ser e témolo claro. É certo que a poboación infantil e xuvenil de Salceda é extraordinaria en número, somos referente na Provincia, somos referente en Galicia tanto en natalidade como en crecemento polo tanto, en futuro e todo elo é motivo de orgullo e tamén somos conscientes de que hai outra realidade e é a realidade na que hai que atender esas necesidades de prestar moitísimos servizos, unha poboación que elixiu Salceda polo que ofrecía, polo que estou segura do que ofrece e que vai seguir ofrecendo. Si, eu creo que se ten feito, humildemente, moito traballo nestes anos, campo de fútbol no Penedo Redondo, pistas deportivas de Altamira, pistas deportivas de padel, convenio co IES Pedras Rubias co pavillón que alí hai, que por certo, é da Xunta de Galicia e convenio co pavillón da Comunidade de Montes de Entenza. Creo honestamente que non é negativo para nada, senón o contrario, traballar cos pavillóns doutras parroquias creo que se optimizan recursos, que se dinamizan as parroquias e colaborar entre entidades públicas como neste caso Comunidade de Montes e privadas, tal como reflexa a moción, en definitiva, o que se fixo foi tentar buscar solucións, pero tamén o temos claro, precísase máis , moito máis.

Movemento Salceda tamén cree que Salceda precisa un novo pavillón, efectivamente, pero temos que dicir a realidade, e ser realistas, no momento actual non hai ningunha zona onde poida construírse, e explícome, no 2016 tíñamos concluído un Plan Xeral para a súa aprobación inicial que é parte da solución, teño parte dese plan aquí, este é o centro urbano e a zona que divide a PO-510 do barrio da Serra toda esta zona cara ao Torrón, sería zona de dotación e este cadrado específica para dotación deportiva. Neste PXOM era onde aparecía esa zona



deportiva, entre o espazo da Serra, entre a PO-510 ata chegar ao CDL Torrón, sen Plan Xeral a única posibilidade que existe a día de hoxe é o desenvolvemento dos chamados PERI, coma o do centro de saúde novo que todos coñecedes, ese terreo agora mesmo é o único que hai dispoñible e tamén sabedes que hai moitas opcións para ese terreo, segunda Galiña Azul, centro de día, auditorio municipal, pavillón de deportes, pero hai que clarificar, un pavillón de deportes alí non colle, porque leva ademais adscritos unha serie de servizos, hai que deixar as cousas ven clariñas non levarnos ao engano e vender fumo. Creo ademais, que nesta Corporación cometéronse erros hai poucos anos e que agora os estamos pagando, sinceramente o creo, pero tampouco podemos estar lamentándonos constantemente, isto é así, fai falta ter obxectivos, miras e esa incapacidade que houbo en certo momento cambiala e ter certa visión de futuro para conseguir os obxectivos. Creemos dende Movemento Salceda que é o momento de mirar cara adiante, poñer ese cronómetro a cero na busca de solucións, deberían ser suficientes as liortas mantidas ata de agora, liortas que o único que fixeron é frenar claramente proxectos importantes para Salceda co único interese político. Estamos precisamente a poucos meses dunhas elección e non sabemos quen vai a guiar o destino do noso Concello dende maio, pero creo que temos que estar de acordo en cousas esenciais e non se pode xogar cos proxectos de futuro. Os proxectos dos salcedenses e das salcedenses non son a cor dunha fiestra ou dunha porta, son parte do futuro de moitas persoas é algo sumamente serio, a unión é necesaria, como nos piden os colectivos, a unión e compromiso de Salceda de todos e todas é polo que nos sentamos aquí vós, nós e unha vez que consigamos isto a unanimidade, creo que precisamos o acordo de todas as administracións, da Xunta por suposto pero eu engadiría nesa moción a Deputación de Pontevedra, precisamente por tratarse de aunar eses esforzos que nos piden na moción e buscar a sinatura de convenios específicos para o deporte que é precisamente o que necesita o noso Concello, mellorar o deporte en Salceda.

Sra. Alcaldesa: Creo que estamos toda a Corporación de acordo que o primeiro que hai que facer é agradecer o traballo das asociacións, todas as que asinan esta moción e tamén todas aquelas outras que traballan en prol da veciñanza de Salceda sexan na área que sexan, temos un tecido asociativo moi importante e antes de nada ese agradecemento. Por suposto o Partido Socialista, como dixó antes o portavoz, vamos a apoiar esta moción, estaríamos encantados de ter un novo pavillón en Salceda ademais considero que é unha necesidade real para Salceda e que todos e todas nos debemos unir para poder conseguir estes fins. Gustaríame aclarar unhas cousiñas, primeiro, aclarar porque na moción pon *“que os clubs usuarios do pavillón e as EDM precisan solucións urxentes”*, é certo iso xa nolo trasladaron, tanto o Concelleiro de deportes como eu a Alcaldesa somos conscientes diso e nesa liña estivemos traballando tamén dende o Consello de Deportes, dos que forman parte a maioría dos clubs deportivos que asinan esta moción. Falando desa urxencia, porque hai que ser realistas, porque a realidade é que un novo pavillón para dar resposta urxente non é, quero dicir é unha necesidade, necesidade real que podemos estar todos de acordo pero que non daría unha resposta urxente ás necesidades que teñen hoxe en día todos os colectivos deportivos e insisto que o pavillón é necesario.



Vou facer un resume rápido: O 8 de marzo enviouse un escrito solicitando a Secretaría Xeral unha Xuntanza para tratar o conxunto de necesidades, dotacións, recursos e infraestruturas que se requiren a nivel local. O día 23 de marzo entra un escrito dos clubs solicitando unha reunión para tratar diversas cuestións neste eido. O día 7 de abril celebramos o Consello de deporte para analizar conxuntamente esta situación, marcar as prioridades e os retos de futuro porque considero que como dicía o compañeiro do Partido Popular, é necesario convocar as partes e traballar en conxunto. Nese primeiro Consello acordouse solicitar de novo unha reunión coa Secretaría Xeral e presentarlle estas necesidades que falamos nese Consello. O 11 de maio volveuse a solicitar esa xuntanza; o día 25 de maio recibenos o Secretario Xeral de Deportes, reunión a que acudimos varios membros do equipo de goberno concretamente a Tenente de Alcaldesa, o Concelleiro de Deportes, eu e representantes dos clubs que participaron nese Consello de deportes, nesa reunión o Secretario Xeral fálanos das limitacións orzamentarias de financiación para un pavillón novo e nos di que lle propoñamos a través da Alcaldía dúas prioridades que dean solución máis inmediata á problemática deportiva, tratando sempre de esa urxencia inmediata que, efectivamente, somos coñecedores que teñen todas as asociacións e clubs. Unha vez mantida esa reunión coa Secretaría Xeral de Deportes, convócase de novo o Consello de Deportes, eu mesma a través da Consellería de participación veciñal e o 14 de xuño celébrase para poder establecer, entre todos e todas as asociacións que forman parte, esas dúas prioridades que a Secretaria Xeral nos traslada para darlle unha solución máis pronta e máis rápida, acordouse por unanimidade de ese Consello de Deportes presentar unha prioridade para os deportes de pavillón, que era a ampliación do pavillón do cal tiñamos proxecto, memoria valorada de 414.503,79€ prezo de execución material e máis gastos e impostos, e unha prioridade para os deportes de fútbol de campo que era o cambio de céspede de artificial para que poidan utilizalo os nenos e nenas tamén. Esas son as dúas prioridades que no Consello de deportes marcamos en conxunto despois de esa reunión coa Secretaria Xeral de Deportes. Tal como acordamos nese Consello e nesa reunión coa Secretaria Xeral envíanse os dous proxectos, as dúas memorias e ao mesmo tempo se solicita esa segunda reunión co Secretario Xeral de Deportes que nos di que unha vez presentadas esas dúas prioridades para volver a tratar ese tema, solución urxente que insisto que a solución final pasa por un pavillón novo. Por outra parte no Consello de deportes, nos dous que se celebraron, acordouse utilizar o pavillón de Entenza, teño constancia de que hai horas libres, hai ese convenio firmado. Temos que ser conscientes de que a financiación da que estamos falando é como mínimo dun millón ou millón dous centos aproximadamente, para tratar de buscar solucións máis inmediatas e urxentes que entendo que é compartir servizos e compartir as instalacións que temos porque creo que hai que optimizar. Insisto de novo, necesidade dun pavillón final pero que si se traballou na solución desas prioridades máis urxentes e se traballou en conxunto nese consello.

Creo que aquí hoxe se abriu un debate que é necesario abrir tamén ás necesidades de mantemento, quero dicir, é importante que saibamos que na moción había varias



peticións: dun conserxe, un pavillón novo etc... O conserxe desgraciadamente só o puidemos ter eses tres meses, darvos conta tamén que as necesidades de mantemento de un novo pavillón tamén as tería que cubrir o Concello de Salceda e quero dicir que primeiro temos que ser capaces e ter a capacidade, tanto orzamentaria como demais, de prestar os servizos necesarios para ter o mantemento das instalacións existentes e ter un pavillón e tamén temos que abrir o debate do que iso supón, levando por diante o noso apoio, para iso tamén estamos traballando e hai xa un proxecto de arranxo da cuberta do pavillón. Quero dicir que primeiro están os urxentes e despois a outra prioridade final que por suposto. compartimos todas e todos.

Por último e na cuestión dos terreos, por suposto a liña de traballo tanto deste equipo de traballo como eu como Alcadesa e como Concelleira de urbanismo vai cara a ter un Plan Xeral no que por suposto ten que haber unha zona de equipamento deportivo como ten que haber zonas de equipamento social, e moitas outras e diso se trata un Plan Xeral. Niso estamos traballando, sabedes todos que a empresa de planimetría e cartografía está levando a cabo os traballos, están bastante avanzados que sería a cimentación, como ben se falou aquí, hai que empezar as cousas polo principio, pola cimentación, esa sería a base dese Plan Xeral, unha nova planimetría e cartografía actualizada e dende logo como Concelleira vou a seguir traballando nesa liña dende urbanismo. Dicar tamén que a posibilidade de terreo, a parte do Plan Xeral, non é só o PERI, perdoa que te rectifique, hai outras posibilidades de obter terreos como pode ser o Plan de infraestruturas dotacional que se fixo para o pavillón de deportes de Entenza. Tamén recordar que aquí efectivamente, temos terreos para unha Galiña Azul, temos terreos para un Centro de Día cos trámites case rematados, hai un convenio con unha Comunidade de Montes para ter unha instalación deportiva e desgraciadamente temos terreos pero non temos inversións en infraestruturas, co cal o que pido tamén e que entre todos e todas abramos ese debate e o tratemos nese Consello de Deporte e por suposto, tamén cos partidos da Corporación, porque temos que ser claros o traballo que se leva feito cal é o camiño para unha solución máis urxente é factible e cales son os camiños para o outro. Por suposto, nos vamos a traballar nesa liña e seguir traballando cara a un Plan Xeral e como dicía o principio, é unha prioridade para Salceda ter un novo pavillón, é unha necesidade real e grazas a todas e a todos os que presentaron esta moción e aos que traballan polo deporte en Salceda e polo resto de colectivos sociais.

Sr. Rodríguez Davila: Daría para moito debate, son moitos temas, non é cuestión aquí de entrar en debate do Plan Xeral, porque si, porque non, en fin, creo que ao final os propoñentes, os que están vendo o pleno en directo e os que o poidan velo no futuro si analizan, como sei que o van a facer, sacaran as súas propias conclusións do posicionamento de cada quen, de quen tivo responsabilidade nos últimos quince anos e medio, etc... e do que se fixo, cousas que se fixeron ben, cousas que non se fixeron tan ben e cousas que non se fixeron absolutamente nada. A veces esquivar ou poñerse de perfil ou botar balóns fora pensamos que quen nos están vendo nolo



vai a crer pero ao final un xa perde credibilidade cando reiteradamente, durante moitos anos, se fan peticións concretas e concisas en cuestións que non fan falta miles de euros non se lle dan resposta. Eu creo que ao final, como digo, pois cada un é rehén dos seus actos, para ben ou tamén para mal e como non quero desvirtuar o importante do que plantexaban estes colectivos o importante tamén é dicir que hai posibilidades, non é necesario un Plan Xeral especificamente para poder ter novas infraestruturas deportivas, igual que non é necesario para outras cuestións, que é moi importante por suposto, sen ningunha dúbida pero un Plan Xeral, igual que un convenio colectivo que acabamos de aprobar, hai que facelo por consenso, por acordo, por dialogo, por cesións e non por todo o contrario como se pretendía e ademais, si realmente era tan importante, como é posible que en case dezaseis anos de goberno pois tan so unha vez viu a pleno, iso tamén é unha cuestión que denota a prioridade ao respecto de cousas tal fundamentais como é un Plan Xeral.

Remato dicindo que levamos proposto nos últimos anos, xa é coñecido por todos o que plantexabamos e o que anunciamos fai uns meses, concretamente o 16 de agosto, para dotar ao noso Concello dunha infraestructura dotacional multidisciplinar, o que anunciei naquel momento era traballar para conseguir un edificio multiusos que non só estea pensado para unha práctica deportiva ou un uso cultural concreto dunha actividade, ou dunha asociación ou dun colectivo, senón que poida ser usado por diferentes actividades tanto culturais, deportivas e incluso de ocio, podendo dar resposta así a moitas necesidades que temos, é dicir, non facer un edificio só para deportes, senón tamén facer un edificio que se poida facer deporte pero que tamén se poidan facer diferentes actuacións de toda índole, creo que iso sería o sensato, creo que iso sería o obxectivo. Estamos falando dunha inversión moi importante pero hai que pensar a medio e longo prazo e ao final hai que facer as cousas, como digo, polas encima da mesa e consensualas, o que non pode ser é facer Consellos de Deporte, por exemplo, e non estar presente o grupo maioritario desta Corporación porque se nos exclúe, como así se aprobou nese Regulamento por parte de vostedes e que nós votamos en contra, ou noutras iniciativas que non se conta con nós. Teño que dicir aquí que é verdade que a esas dúas reunións das que falou a Alcaldesa estivemos invitados, que no puideron asistir pero fora de aí, a nós non se nos convoca para ese Consello de Deporte, non se nos contan as propostas que quere levar adiante o Goberno en fin, como comprenderán si un non é partícipe, un non pode aportar ou si un non pode debater ao final, cando se entera un pola prensa ou por colectivos que che contan o que se tratou, pois é difícil aportar e chegar a acordos. Nós vamos a votar a favor, creo que hai que facer os deberes na casa e despois podemos exixirlle aos demais que nos voten unha man e un cable, porque isto é un toque de atención que nos fan os colectivos, en primeiro lugar ao goberno e despois á Corporación pero non se esquezan que vostedes son goberno.

Sra. Castiñeira Alén: Vou lembrar a reunión que celebramos co Secretario Xeral de Deportes o 23 de maio deste ano, nela precisamente establecéronse as prioridades a curto, a medio e longo prazo no eido do deporte, para min, e alí o expuxen, as prioridades eran claras a curto prazo, o cambio de cuberta, porque chove no pavillón



e a pista tamén nese curto prazo. A a medio prazo a ampliación do pavillón tal como se propuxo por este grupo político no seu programa e o novo pavillón a longo prazo. Dende o Concello foi remitida, como se dixo, unha proposta a Consellería Xeral de Deportes de conformidade cos colectivos deportivos pero vemos estes días nos presupostos da Xunta, que non aparece absolutamente ningunha partida para esas peticións, polo que esperemos e agardamos non atoparnos coa imaxe, na miña opinión oportunista, de Lete, do señor Rueda con Santi e cos colectivos a facer promesas en precampaña, é a verdade eu non teño ningún problema, non se me entenda mal, non teño ningún problema en facerse fotos pero creo que os compromisos do Partido Popular que xestiona a Xunta con Salceda teñen que ser serios e non podeades entrar en ese xogo, espero que así sexa, para os partidos que teñan a responsabilidade de xestionar os cartos públicos, como neste caso o Partido Popular. Na Xunta de Galicia non serven anuncios, serven obras que é o que esperan e nós precisamos iso, compromisos da Xunta, e precisámoslos xa e así como pedimos compromisos ás administracións de maneira clara, á Xunta de Galicia polo seu escaso apoio ao deporte en Salceda. Movemento Salceda tamén vai facelo, vai comprometerse para tratar de solucionar o máis urxente e antes de facer pública a nosa medida, que temos que falar e acordar primeiro cos compañeiros e compañeiras de goberno, teño que dicir que estamos ante unha situación de urxencia no eido de deporte, o pavillón precisa un cambio de cuberta xa, para dar seguridade, para dar tranquilidade a todos e todas os que usan as instalacións deportivas e isto trátase xa dunha cuestión de saúde, como dixestes vai a haber unanimidade os catro concelleiros e concelleiras de Movemento Salceda van a votar a favor desta moción.

Sra. Alcaldesa: Aclarar un par de cousas, é verdade efectivamente como todos os anos o Partido Socialista acaba de presentar alegacións aos orzamentos da Xunta en moitos eidos, é publico, entre eles o deportivo, e o seguiremos facendo porque creo que a nosa labor como partido e é a canle que se debe tamén utilizar. Por suposto que a cuberta se vai a reparar, de feito hai un expediente aberto con un proxecto que se vai a traer a pleno para a súa aprobación, non deu tempo de facer os informes para a aprobación do proxecto pero si que está o proxecto feito e ademais está feito dende xaneiro. É verdade que estabamos na procura de financiación de varios temas e de cadrar opcións que nos quedan e sobre todo, a expensas de ver como cadramos número, da parte do Plan Concellos de 2023 que empeza a solicitude en catro ou cinco días, nesa labor de facer os traballos como corresponde. A cuberta creo se puxo fai sete anos, é unha obra que non deu resultado, se teñen intentado reparacións desa cuberta a unha escala máis pequena, intentando solucionar unha obra non quedou correctamente porque houbo problemas dende un primeiro momento, intentamos arranxar, non o conseguimos e a decisión é dende a Concellería de deportes, primeiro atallarlle a cuberta e unha vez que estea a cuberta dar os seguintes pasos. Volvo a insistir, aquí saen as necesidades de mantemento que supón ter instalacións municipais e cada vez máis, sexamos conscientes dese debate, por suposto iso se vai a facer, o único que reitero todo o que se fixo dende a Concellería de Deportes e eu como Alcaldesa foi sempre na liña dese Consello de



Deportes, que efectivamente teremos que mirar como podemos replantear ese Regulamento para que tamén o Partido Popular participe. Cando alguén comete algún erro eu son a primeira a intentar rectificalo, pero dicir que todo o traballo que se fixo foi sempre con ese Consello de Deportes e en favor da veciñanza, oxalá, sería unha boa noticia, estaríamos encantados de que Salceda puidese ter un novo pavillón.

VOTACION DA MOCIÓN: Sometida a votación a moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros asistentes a esta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Que a corporación municipal se una, involucre, apoie e traballe para conseguir un novo pavillón para Salceda.

SEGUNDO: Que o concello poña a disposición os terreos, proxectos e trámites necesarios para a construción dun novo pavillón polideportivo en Salceda de Caselas.

TERCEIRO: Que a corporación municipal inste á Xunta de Galicia á construción dun novo pavillón polideportivo en Salceda de Caselas.”

Moción de urxencia dos grupos MS e PSdeG-PSOE

Sr. Rodríguez Davila: Nós como grupo solicitamos incorporarnos á moción, porque tal e como falamos na Comisión, queremos sumarnos tamén e presentala conxuntamente.

VOTACION URXENCIA: Sometida a urxencia a moción relativa ao servizo de transporte público, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros asistentes a esta sesión, quedado incorporado o Grupo Municipal do Partido Popular á presentación da mesma; seguidamente se pasa a tratar a moción.

Sra. Pereira González: Dou lectura a moción seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2017 licitouse por parte da Xunta de Galicia o servizo de transporte público despois de anos empregando unha concesión caducada. Esta licitación supuxo, no caso de Salceda de Caselas, a desaparición de 14 frecuencias, é dicir, case un 50% dos servizos dispoñibles ata aquel entón. A UTE Faibús, adxudicataria naquel entón do servizo, ante as reiteradas queixas das persoas usuarias, decide de xeito provisional continuar cos horarios existentes antes da licitación, elaborando ademais unha nova proposta que segue sen satisfacer as necesidades da poboación e que, polo tanto, non é aceptada polo Concello de Salceda.



En febreiro de 2019 sae a exposición pública un novo proxecto de explotación das liñas de transporte público. Considerando que a do transporte é unha problemática común, os 10 Concellos que conformamos o GDR Condado-Paradanta elaboramos un estudo propio que recolle as necesidades da nosa poboación, así como unha proposta de conexión circular entre os diferentes Concellos con destino Porriño, dende onde se establezan “lanzadeiras” directas a Vigo.

A Xunta de Galicia limitouse a desestimar a proposta, alegando que “o servizo proposto foi deseñado tendo en conta as directrices e estratexias do Plan de Transporte Público de Galicia”, e que so limitarían a recoller aquelas propostas que considerasen “xustificadas, razoables, proporcionais e asumibles”.

Despois dun longo proceso de licitación, a empresa Monbús pasa a prestar o servizo dende o 24 de febreiro de 2020. Dende entón, as únicas alegacións do noso Concello aceptadas pola Xunta de Galicia foron as destinadas a favorecer o transporte dos centros de ensino públicos, pero a día de hoxe seguimos a falar dun servizo deficitario que non responde ás necesidades da veciñanza do noso municipio.

A pandemia que vimos de vivir non fixo senón empeorar a situación xa de por si complexa do transporte en Salceda, suspendéndose naquel entón os servizos e recuperándose despois con continuos cambios nos horarios sen ofrecer información ás persoas usuarias nin ao Concello, nin por parte da empresa nin por parte da propia Xunta, provocando que sexan moitas as persoas que deixasen de empregar o transporte público ante a inseguridade de que se cumpran os horarios para asistir a citas médicas, laborais, etc...

Nestes momentos no noso municipio contamos con cinco liñas de ida a Vigo pola mañá e catro pola tarde, e dúas de volta pola mañá e 5 pola tarde en días laborais. No caso de festivos e fins de semana durante todo o día só se conta con dúas liñas de ida e outras dúas de volta, un servizo totalmente insuficiente para as necesidades da nosa veciñanza ao que se lle suma os continuos incumprimentos sen previo aviso.

Por todo o exposto, o grupo municipal de Movemento Salceda propón ao Pleno da Corporación do Concello de Salceda de Caselas a adopción dos seguintes acordos:

- *Solicitar á Xunta de Galicia a revisión do contrato de explotación do transporte público, de xeito que se ofrezan uns horarios que satisfagan as necesidades da veciñanza de Salceda de Caselas.*
- *Solicitar á Xunta de Galicia que calquera cambio que se produza nas liñas que afectan a Salceda sexan comunicadas con anterioridade ao Concello para poder dar difusión da información ás persoas afectadas.”*



Sra. Pereira González: Creo que concordaremos todos que a situación actual do transporte público é un déficit que temos en Salceda, resulta inconcibible pensar que un Concello como Salceda, que está na área metropolitana de Vigo, que está a pouco máis de 20Km de Vigo, lle sexa tan complexo acceder a Vigo, xa non falamos da cidade, falamos de que en Vigo se sitúan os hospitais públicos aos que con máis ou menos frecuencia todos acadamos, falamos de centros de ensino e a verdade é que se fai complicado porque como xa lin na moción, os horarios das liñas non se axustan ás necesidades e os traxectos son demasiado longos. Nos últimos anos vimos sufrindo un deterioro, unha redución do servizo, eu creo que é unha queixa xeneralizada da poboación que o transporte público, o sistema que temos, non é acaído, non é apropiado e vemos que en cada licitación se reducen de maneira considerable tanto as liñas como as frecuencias que son máis espazadas. Visto o pouco éxito das alegacións do ano 2017 e sabendo que era un contrato temporal, para o ano 2019 dende o GDR si que nos preparamos, elaboramos un plan de transporte que contiña un estudio, a problemática nos Concellos é similar e ese estudio analizaba un pouco a necesidade da poboación, os movementos da poboación e ofrecía unha solución ou unha proposta alternativa ao que ven sendo as liñas tradicionais lineais, Ponteareas-Vigo, Salvaterra-Vigo, As Neves-Vigo, neste caso o que se ofrecía é unha proposta diferente que pasaba por liñas circulares que conectaran con destino final Porriño e de Porriño lanzadeiras máis directas. O que facemos con este sistema de autobuses lineais e que no último tramo de Porriño para adiante se están solapando, os das Neves, Ponteareas, Salvaterra, se repiten autobuses no último tramo. En todo caso era unha proposta que non foi tida en conta, é certo que foi decepcionante a resposta porque era un plan, un estudio elaborado por unha empresa especializada e con coñecemento da zona e que a resposta sexa seis liñas nun folio pois é un pouco decepcionante. En Febreiro botou a andar a empresa Mombus e si é certo que no primeiro momento, co traballo da ANPA do IES Pedras Rubias, que fixeron un traballo importante de recompilación de horarios dos centros de ensino, de recompilación de horarios das liñas, se axustaron algúns horarios, pero en marzo coa chegada da pandemia se suspenderon practicamente todos os servizos e despois se foron retomando pouco a pouco e dende entón, creo que xa é a terceira vez que acontece, a dinámica é que de repente empeza a haber queixas, a veciñanza acude ao Concello a dar as queixas de incumprimento, de impuntualidade, etc... Nós non somos os responsables do incumprimento, non somos os que ofrecemos o servizo pero ao final, somos a administración máis próxima e a que temos que tratar de darlle resposta ou solucións, o que facemos neses casos cando se reiteran as queixas é facer unha especie de inspección, control coa Policía Local en verificar si realmente hai incumprimento ou foi algo puntual e cando é así, trasladamos ese incumprimento e o que acontece e que dende a empresa me din que xa non son os horarios, hai uns horarios diferentes e por iso non se está cumprindo. Precisamente esta semana, porque levamos dende setembro recibindo bastantes queixas, esta semana a encargada de zona me trae un horario novo diferente, a isto se lle agrava que están as obras de Joaquín Fernández Sestelo, non todos os autobuses que van en dirección



Vigo para dirección Vigo senón que saen na Lagüela e paran en dirección Salvaterra, xera confusión. O que se pide creo que é sensato, razoable e de xustiza, sei que non estamos no escenario de plantexar un novo plan, unha emenda a totalidade, pero si creo que dentro do contrato que hai se poden facer melloras que beneficien á veciñanza, hai melloras sen executar do contrato, creo que é viable e factible e sobre todo que si é unha exixencia que cada vez que se fan modificacións nos horarios se nos dea coñecemento, porque si non existe unha información á veciñanza dificilmente poden ser usuarios e usuarias do servizo.

Sr. Rodríguez Davila: Non hai moito máis que engadir, o importante é que hai que mellorar ese servizo, prestar máis frecuencias, intentar mellorar o tema das paradas en canto ao horario, non hai discusión ao respecto e creo que nos compete a todos estar de acordo nesas peticións e intentar facer forza para que se atenda e se mellore a calidade do servizo de bus no noso Concello, polo tanto o noso voto afirmativo e agradecer tamén que unanimemente aceptedes que nos sumemos.

Sra. Alcaldesa: Traía unha explicación pero a verdade e que a explicación de Lucía foi totalmente completa e a realidade que se está a dar en Salceda neste momento é que desgraciadamente leva tempo dándose. Creo que se fixo un traballo no seu día dende o GDR e se está volvendo a intentar debater o tema e mirar si todos os Concellos teñen as mesmas necesidades ou non para insistir nesa mellora de transporte utilizando esa parte de melloras que non se están levando a cabo. Creo que é importante esixir o cumprimento desas medidas, as licitacións se quitan con unhas características e como mínimo a Xunta ten que facer esa labor de inspección para que esas condicións coas que foi licitado o servizo se cumpran, e por suposto, traballar nesa mellora porque creo que hoxe tratamos moitos temas importantes para Salceda e un deles é o transporte, que é necesario e ademais cada comezo de curso cos desprazamentos ás Universidades e formación profesional noutros Concellos se acrecenta porque esa necesidade de mobilidade que teñen os alumnos e alumnas no eido educativo e despois está a centros de traballos, a centros hospitalarios, etc... Alégrome que os tres partidos estemos de acordo, creo que non é unha demanda só dos tres partidos da Corporación senón que é unha demanda veciñal que está na rúa e que é un tema importante e prioritario para toda Salceda.

VOTACION DA MOCIÓN: Sometida a votación a moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros asistentes a esta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:

ACORDO:

- Solicitar á Xunta de Galicia a revisión do contrato de explotación do transporte público, de xeito que se ofrezan uns horarios que satisfagan as necesidades da veciñanza de Salceda de Caselas.
- Solicitar á Xunta de Galicia que calquera cambio que se produza nas liñas



que afectan a Salceda sexan comunicadas con anterioridade ao Concello para poder dar difusión da información ás persoas afectadas.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Petición de comparecencia da Sra. Alcaldesa en relación a situación de impago á sociedade FEBECO (Gasolineira de Salceda de Caselas).

Sr. Rodríguez Davila: O que queremos con esta comparecencia é que da man da Sra. Alcaldesa, que é a máxima responsable da Corporación e do goberno, que nos explique a situación actual de como está a xestión do pago ou mellor dito, do impago respecto desta empresa salcedense e tamén si hai ou no negociación ou acordo para restablecer o servizo de prestación de subministro do combustible aos vehículos municipais.

Sra. Alcaldesa: Fago a seguinte comparecencia; con data 21 de xuño apróbese, como toda a Corporación sabe, un suplemento de crédito, unha aprobación plenaria co cal todas as persoas que formamos parte desta Corporación o sabemos, un suplemento de crédito no que se incluíu unha partida de 20.000€ para dotar de crédito partida de carburantes e combustibles. Como tamén sabe toda a Corporación, unha vez aprobada en pleno este suplemento de crédito ten que ser enviado ao Boletín Oficial da Provincia e pasar o trámite de exposición pública para poder ter a aprobación definitiva. Unha vez enviado a ese Boletín Oficial da Provincia, realizado o trámite de publicación para a aprobación definitiva, publicase no BOPPO o 31 de agosto a aprobación definitiva dese suplemento de crédito. Como tamén sabe toda a Corporación houbo unha baixa no departamento de intervención e unha vez que se produciu a reincorporación, tratouse de poñer ao día todos os trámites necesarios pendentes para dar cumprimento a ese acordo plenario de suplemento de crédito e pago a través desa partida de carburantes e combustibles. Unha vez que se realizan todos os trámites, informado o expediente polos técnicos correspondentes o día 25 de outubro procédese ao pago da maior parte da débeda, 20.426,87 euros e que era a cantidade que era posible abonar, xa que como toda a Corporación sabe, hai unha serie de facturas do ano pasado que Repsol presentou este ano, que polo procedemento administrativo da Administración Local ao ser presentadas fora de prazo agora mesmo ten que haber un recoñecemento de crédito en pleno o próximo ano para poder dar cabida ao pago administrativo da forma que establece o procedemento do Concello, co cal, quedaron pendentes dese pago esas facturas que non podíamos legalmente darlle ese pago sen ser co procedemento administrativo que todos e todas desta Corporación sabemos. Para rematar, a día de hoxe a maior parte da débeda está saldada co pago de 20.426,87 eirps e hai unha parte en facturas de 6.528 euros que ten que quedar a que pase o trámite administrativo



correspondente como todas e todas sabemos. Esta é a comparecencia que fago con respecto a esta comparecencia que se me solicita.

Sr. Rodríguez Davila: A Sra. Alcaldesa cinguiuse ao que aconteceu dende a mediados deste ano ata o día de hoxe, pero obvia dicir, recoñecer que como se advertiu ao goberno, non este ano senón en moitos anos anteriores, as partidas son insuficientes, as cantidades comprendidas nas diferentes partidas do Orzamento non teñen o crédito suficiente para facerlle fronte ás facturas neses capítulos e ao final o que pasa é que se deixan facturas sen pagar e polo tanto sucede o que sucede. Humildemente lle vamos a dicir, pero tamén con toda a contundencia, creo que vostedes non sei si serán coñecedores ou conscientes do que significa para unha pequena – mediana empresa o non cobrar en tempo e forma cantidades importantes de diñeiro, como é o caso que nos preocupa e nos ocupa. Como vostedes ben saben, hai facturas que se lle pagaron estes días que dende o seu subministro pasaron máis dun ano, oito meses dende que entraron no rexistro deste Concello e un ano dende o subministro dese combustible. Así é como vostedes pretenden axudar ao comercio local e as empresas locais? Vostedes dicían no pleno de xuño que en breve estaría solucionado e volverían a traballar máis pronto que tarde, iso se dixo por parte da Sra. Tenente de Alcaldesa, a día de hoxe a situación segue exactamente o mesmo. A realidade da empresa, tristemente, é a que é e entre outras por culpa do Concello que non lle paga as súas facturas do ano pasado, deste ano e é o mesmo Concello que lle cobra os impostos municipais puntualmente e que a empresa ten a ben pagar.

Vostedes levan máis de quince anos xestionando este Concello e cada vez, a raíz do que sucede ano tras ano, vamos a peor no eido económico, hai facturas incluso que pagaron no día de onte, que foron no recoñecemento de marzo deste ano, é dicir, se recoñeceron facturas no mes de marzo e se pagaron no día de onte, iso é a súa xestión. Por un lado suben os impostos máis que nunca, os impostos que subiron máis na historia do noso Concello, dispararon os gastos en cuestións improdutivas no custe da estrutura política do Concello e as contas así, loxicamente, non cadran. Como é posible que a mediados de ano xa non teñan crédito, partidas, para facerlle fronte ás obrigacións de pago de facturas de subministro do combustible dos vehículos municipais? Non dicían que o Orzamento era realista, Sra. Concelleira de Facenda? Que era rigoroso e que atendía ás necesidades do noso Concello e que as partidas tiñan crédito suficiente para atender as obrigacións. Acórdanse do que lle dicía o compañeiro Joaquín ao respecto? Acórdanse cando vostedes rían, cunha falta de educación ao respecto, do que dicía o compañeiro Joaquín que non ían cumprir e que non ían a ser capaces de atender as obrigas de pagos en moitas partidas que sabemos todos cales son? Como é posible que vostedes, tendo os datos do ano pasado do que custou o subministro do combustible non contemplan, cando menos, a mesma partida do gasto do custe en combustible do ano pasado e metelo na partida deste ano? Porqué non o fixeron? Iso sería o rigoroso, o realista, o sensato e o mínimo que se lle pode pedir a un político responsable. Vostedes, Sra. Alcaldesa, poden facer un REC cando o teñan a ben, porqué teñen vostedes que esperar ao ano que ben para facer un REC de facturas do ano pasado que entraron este ano?



Vostedes poden facer un REC si quedaron facturas pendentes de pago do ano pasado e que entraron este ano, ou é que están limitados os REC? Que nós saibamos en ningunha lexislación o contempla, si hai facturas do ano pasado que entraron en este ano 2022 e que non están recoñecidas, é un grave error e unha falta de seriedade pola súa parte que non faga un REC ao respecto, iso ten que facelo urxentemente e recoñecer esas facturas para poder pagarlle. Si nos está dicindo, pola súa parte como ben acaba de dicir vostede, que houbo que facer un suplemento de crédito para incrementar en 20.000€ esa partida para pagar o coste do combustible, porque xa non había partida económica no mes de xullo e resulta que aínda facendo ese suplemento de 20.000€, non chega, isto xa pasa de claro a moi negro, porque si aínda por encima de ter un problema o recoñecen, facemos unha modificación de crédito e resulta que non é suficiente para atender as partidas neste ano, entón están dicindo que vai haber moitas facturas de combustible que van a quedar para o ano que ben. Están recoñecendo que van a ter que ir ao recoñecemento do ano 2023 facturas de combustible deste ano, creo que é grave que vostede recoñeza que hai esas facturas do ano pasado que están sen recoñecer, creo que é moi grave que xa están dando por feito que todas esas facturas que non se pagaron e as que se están emitindo, porque dende que a gasoleira de Salceda deixou de subministrar hai outra gasoleira, neste caso a de Atios en O Porriño, que supoño que estará emitindo facturas ao Concello, con que crédito ou contra que partida se lle vai a pagar? Hai crédito para facerlle fronte a esas facturas e as facturas, como vostede ben dixo Sra. Alcaldesa, que recoñece que a gasoleira de Salceda aínda se lle deben facturas por pagar e o que lle pido, cando menos, é que sexa rigorosa na orde de pago e que non vexamos que a gasoleira que está subministrando agora se lle pague antes que á de Salceda. Lle pido rigor ao respecto, lle pido que faga ese recoñecemento de crédito canto antes para recoñecer esas facturas, que pague canto antes e que cumpra coas obrigacións que cando menos, son moi graves, non atender a cuestións básicas do funcionamento dun Concello, como é o pago de electricidade, de comunicacións, de combustible, do persoal, etc...

Sra. Alcaldesa, creo que a xestión se demostra con feitos e vostedes neste tema quedan ao descuberto, porque é moi grave que non sexan quen de contemplar unha partida no orzamento para cubrir os gastos de combustible cando teñen os datos do ano anterior do que se gastou. É tan simple como sumar o gastado e plasmalo no documento do orzamento deste ano e facerlle fronte a esas obrigacións. Remato coa petición de que por favor axilicen ese recoñecemento desas facturas, que se pague canto antes e que se reduza o coste e o gasto en cousas que non benefician aos salcedenses.

Sra. Alcaldesa: Insistimos que fixemos todo o que podíamos facer dentro dos procedementos administrativos, creo que o Partido Popular é coñecedor de como funciona o Concello ou senón debería selo despois de tantos anos na oposición. Eu non vou facer ningún tipo de declaración nin comparecencia máis, porque os procedementos están aí, os feitos están aí e todos os sabemos e non vou seguir poñendo na palestra ningunha empresa neste Concello.



Petición do grupo municipal do Partido Popular de comparecencia da 1ª Tenente de Alcaldía en relación á perda de subvención para a compra de mobiliario urbano.

Sra. Castiñeira Alén: O pasado 18 de xaneiro de 2019 solicitamos dentro do Plan Concellos 2018-2019 unha subvención de 6.551,99€ para adquisición de mobiliario urbano, esta axuda foi aprobada o 4 de marzo de 2019 por parte da Deputación de Pontevedra e estaba destinada a cubrir os gastos de diversas xardineiras e bancos que o Concello viña de adquirir para diversos espazos públicos municipais. Semanas despois, xestionando xa a xustificación da mencionada subvención, en conversa telefónica co servizo de cooperación, comunicásele a este Concello que a subvención non se pode pagar por estar o gasto realizado antes da data de concesión da mesma, a pesares de que o gasto esta realizado dentro do ano 2019. Despois de diversas consultas na Deputación, así como noutros Concellos da Provincia afectados por esta mesma situación confirmásenos que definitivamente a subvención non vai ser pagada, por ese motivo non se continúa coa tramitación da xustificación da mesma, entendendo que non é oportuno poñer os departamentos de Secretaría e Intervención a elaborar unha xustificación que sabemos de antemán non vai a ser admitida. Aclarado isto, que é o motivo polo que vostedes me fan comparecer, quero dicir que ao longo do ano son moitas as subvencións tramitadas dende este Concello, rondando no ano 2019 o millón e medio de euros e verdadeiramente, as veces, por moi diferentes motivos, non é posible executalas todas e non queda outra que renunciar a algunhas e incluso outras, como neste caso, non é posible levalas a cabo. Si renunciar a 6.500€ de millón e medio, ou sexa, menos do 0,4% é tan grave para o Partido Popular deste Concello de Salceda, animámosvos a revisar os anos de goberno do Partido Popular e as numerosas subvencións que por moi diferentes motivos non puideron ser executadas, e sabeo ben o aquí presente Concelleiro Joaquín e eu entendo que é normal, iso pasa, iso acontece. Pola nosa banda seguiremos para levar adiante todas as subvencións que beneficien ao noso Concello mais sendo realistas e conscientes de que non sempre é posible.

Quero aproveitar esta comparecencia para deixar ben claro que a transparencia, Santi, non me vas a gañar e aquí estou dando as explicacións que fagan falta, por certo, dunha subvención que nin era eu Alcaldesa cando se solicitou en xaneiro do 2019, nin o era cando se recibiu a comunicación da perda da mesma en decembro do 2021, pero como xa sei que vos gusta moito vernos na palestra e que os ataques sempre van dirixidos a esta parte de aquí, por suposto cando se trata de cousas pouco positivas, pois aquí estou sen ningún problema dando a cara, pero sinceramente agardo que isto non sexa unha estratexia de aquí as eleccións de maio, que os plenos que quedan non se convertan nunha serie de comparecencia tras comparecencia moi propio isto dos grandes partidos políticos que se dedican á estratexia do enredo, é dicir, todo menos traballar pola veciñanza que foi, recórdovos outra vez, para o que nos elixiron tanto a nós como a vós.

En resumo que todo mundo lle quede ben claro, primeiro, os bancos e xardineiras



foron mercados antes de que se aprobase a subvención; segundo, o feito de telas comprado antes é o motivo de non poder xustificalas; terceiro, os bancos e xardineiras están instaladas na parroquia de Soutelo e son desfrutadas pola veciñanza cumprindo, precisamente, o seu obxectivo, ao final o importante de todo isto é que se cumpriu a petición da veciñanza.

Sr. Núñez Troncoso: Cando menos, Sra. Dolores, falta vostede a verdade e moito. O 18 de xaneiro de 2019 se solicita a solicita subvención para a compra de mobiliario urbano por un importe de 6.551,99€, o orzamento que presentou a empresa que se incorporou con esa solicitude é do día anterior, a empresa presenta un orzamento polo mesmo importe con IVE incluído a atención de Loli Castiñeira, así está no propio orzamento. No mesmo día que se presentou a solicitude, o 18 de xaneiro, entra no rexistro deste Concello a factura da empresa que proveeu os bancos e xardineiras, o mesmo día que vostedes presentaron a solicitude pero a factura non entrou polo importe da subvención que solicitaron, entrou por 7.287,19 e os mesmos elementos que vostedes solicitaron a subvención, ou sexa 735€ a maiores. O día anterior o orzamento era dunha cantidade e ao día seguinte entra unha factura por 735€ a maiores, xa nolo explicará, si quere explicalo, o porqué desa diferenza. O 18 de marzo de 2019 a Deputación notifica ao Concello a concesión da subvención por 6.551,99€, a resolución di que hai que xustificar a subvención antes do 30 de xaneiro de 2020. O día 3 de decembro de 2019, vostede da orde de pago desa factura, ou sexa, posterior á notificación da resolución, vostede paga a posteriori non antes como vostede di. Nove meses máis tarde paga vostede a factura, non a pagou antes a paga despois. Un ano e medio máis tarde, en concreto o 15 de xuño de 2021, a Deputación lle envía unha comunicación recordatorio e aí lle di que se amplía o prazo para xustificar a subvención ata o 31 de agosto de 2021. Vostedes non xustificaron nese prazo a subvención, o día 2 de decembro a xefa de servizo de Cooperación da Deputación comunícalle que se vai a iniciar o procedemento para declarar a perda da subvención o día 21 de xaneiro do 2022, por resolución da Presidenta da Deputación iniciase o procedemento, se lle concede ao goberno quince días para presentar alegacións, vostedes non presentaron alegacións polo tanto, ao non presentar alegacións ao mes seguinte ese inicio de procedemento é firme. Por outra banda, di vostede que se instalaron en Soutelo, a Deputación de Pontevedra lle pediu a Secretaria Municipal que certificara en concreto dúas rúas si eran vieiros municipais, que era onde ían destinadas esas xardiñeiras, antiga estrada PO-407 e rúa Joaquín Fernández Sestelo e agora vostede nos día que se levaron para Soutelo, entón porqué a Deputación lle pide iso a Secretaria municipal, que certifique si estes dous viais son municipais? Para vostede ao mellor non é grave que se perdan 6.500€ do Concello, pagounos o Concello despois tiñan que revertir para o Concello, para nós si e para os veciños tamén, pero non só é dunha parte do goberno e que da doutra parte lle pasa exactamente o mesmo, Sra. Alcaldesa, da outra parte acabamos de saber que se perdeu unha subvención de 70.600€ para a construción dunha pista multideporte no CE8IP Altamira dun orzamento de 94.000€, iso se lle notificou e vostede o sabe, por presentar a solicitude o último día e a última hora, o último día era o 27 de xuño e as 7:30 horas. Que quede claro que a tenente de Alcaldesa cando



menos faltou a verdade, aquí hai documentos do rexistro que ningún amosou a Tenente de Alcaldesa, iso chámase xestionar ben o Concello, que se perdan subvencións sen xustificación ningunha e tiveron case dous anos para xustificala.

Sra. Castiñeira Alén: Joaquín non lle vou permitir que me diga que falta a verdade, tampouco vou perder o tempo en ler de novo a comparecencia porque sei que vostede vai sacar a súas conclusión e máis cando se trata de min e máis cando se trata da nosa parroquia de Soutelo. Non sei que mal lle pareceu de toda a explicación que din cando ao final o obxectivo se cumpriu, e si, a min me doe perder todo o tipo de subvencións porque son moi competitiva e gústame xestionar as cousas con máximo rigor para conseguir a maior parte dos fondos para o noso Concello, pero como dixen antes, son realista e non sempre se consegue e vostede debería sabelo. Expliqueille perfectamente como foi o procedemento e os tres puntos quedaron clariños e en ningún momento falei de pago de factura e evidentemente, como se vai reclamar algo que non se xustifica? Creo que vostede mixtura todo, como noutras ocasións para enredar o debate cando esta comparecencia foi ben clara, e repito, os bancos e as xardineiras foron mercados antes de que se aprobase a subvención, o feito de compralos antes é o motivo de non poder xustificalas non de pagalas, Sr. Joaquín pero vostede interprete como sempre o que queira, e os bancos e xardineira efectivamente están instalados en Soutelo e en máis puntos.

Sra. Alcaldesa: A subvención para pista de multideporte para o patio do colexio non se perdeu a Xunta de Galicia non no la deu, a nós e a outros Concellos que deixou fora, que quede claro, solicitámola e a Xunta de Galicia non nola concedeu e iso foi a resolución, porque se acabou o crédito, como todas aquelas subvencións que quita a Xunta de Galicia con cronómetro para aqueles Concellos amigos e agora resulta que deixa ao Concello de Salceda de Caselas fora e resulta que foi o Concello quen perdeu a subvención.

Dación de conta de decretos dende o núm. 2022-1018 de 22 de agosto ata o núm. 2022-1311 de 21 de outubro.

Queda dada conta dos decretos dende o núm. 2022-1018 de 22 de agosto ata o núm. 2022-1311 de 21 de outubro.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Rogo: ROGO DE MELLORA DE VISIBILIDADE NA SAÍDA DA AULA DA PICOÑA

ROGOS:

Sra. Pérez Domínguez: Dou lectura ao rogo: “Que a sinal indicativa da aula de Picoña



(entre outras) e os contenedores, dificultan a visibilidade ós condutores que saen da Aula de Picoña e que queren incorporarse a estrada municipal.

Por todo o exposto anteriormente, **ROGO: QUE SE MELLORE A VISIBILIDADE NA SAÍDA DA AULA DE PICOÑA HACIA A ESTRADA MUNICIPAL ATAUDE-PEDRA**”

Este rogo foi acollido por varios pais estivémolo debatendo, non sabemos si a solución é cambiar os contedores de sitio porque sabemos que enfrente é unha propiedade privada pero hai que buscarlle unha solución porque o espello non da moita ou ningunha visibilidade e o outro día unha das profesoras estivo a nada de ter un golpe.

Sra. Alcaldesa: Recollemos o rogo e estudiaremos as posibilidades.

Sra. Pérez Domínguez: Atendendo ás demandas dos veciños e veciñas damos traslado da necesidade de colocar unha valla de protección na estrada Loureiro, Urzal, Picoña, por motivos evidentes de seguridade dada a alta perigosidade da curva e do desnivel existente, unha medida que xa contemplabamos nos anteriores programas.

Sra. Alcaldesa: Recollemos o rogo e miramos esa oportunidade.

Sr. Rodríguez Davila: Que se mellore a pista municipal da Revolta, a que pasa por detrás do pavillón de deportes de Parderrubias, creo que é de todos coñecido a situación e creo que merece que sexa atendida porque xa fai anos que o están reclamando.

Sr. Rodríguez Davila: Estes días choveu e bastante, vemos que no carril bici a altura da antiga nave do Sr. Eiras, cortaron unha rejilla, iso é perigoso para as bicicletas ou para os viandantes, rogamos que se cambie esa rejilla e a limpeza das arquetas do sumidoiro que alí hai.

Sr. Rodríguez Davila: Leva bastantes días un burato no cruce da rúa Rafel Tilve con Victoriano Pérez Vidal, que se arranxe canto antes.

Sr. Núñez Troncoso: Referente a estrada municipal de Pantel ao Borralliño á altura da Devesa, hai un depósito da traída veciñal da parroquia de Soutelo e hai unha arqueta na parte de arriba, neste caso ten unha rejilla que está solta e fáltalle polos laterais facer un pequeno filtro porque por alí entra todo tipo de maleza e atascase e despois noutro lado da estrada hai outra arqueta que con esa maleza que entra, eses restos, atranca a arqueta, desborda e despois vai para o depósito de traída de augas que alí hai motores e outros elementos e fai uns días estaba chea de auga a causa de estar atrancada esta arqueta. Pedimos que se faga un mantemento da canalización desas dúas arquetas e que a arqueta que está solta que se poña en condicións e se poña un pequeno filtro para que non entre tanta maleza para dentro.



Sra. Castiñeira Alén: Unha vez consultado, as rejillas laterais non nola aconsellan precisamente polos atascos, non sería capaz estes días con toda a choiva que caeu absorber toda esa arqueta a cantidade de auga que baixa dende o Penedo Redondo, Borralliño toda a auga que recolle ata ese muro das ruzas, imposible.

PREGUNTAS:

Sr. Rodríguez Davila: Sabe o goberno canto aforro no custe dos seguros varios se ten producido pola contratación baixo a plataforma da FEMP que no seu momento se adheriu o Concello e que naquel entón se deixou a varias PEMES e autónomos do noso Concello sen esas pólizas do seguro e pola tanto, sen esa vinculación coas empresas de Salceda e o Concello, é dicir, canto se aforrou? Se fixeron o cálculo, si mereceu a pena e tamén se o servizo de atención mellorou e a calidade da resolución dos partes tamén?

Sra. Pereira González: non sabería dar o dato de memoria, hai dous anos xa da licitación, sei que no seu momento fixemos o cálculo e si que había unha cifra de aforro importante, ata o momento non teño queixa da xestión cos diferentes seguros, si é certo que coa asistencia médica inicialmente existiu o descontento por parte dos desempregados que sufriron un cambio co que tiñan habitualmente, pero co resto ao día de hoxe non teño queixa.

Sr. Rodríguez Davila: Si o goberno fixo ese estudio de comparativa en todos os aspectos, servizo, atención, cercanía, creación de postos de traballo de consolidación das empresas de Salceda deste sector, e si realmente o Concello neste caso o Goberno, segue na tesitura de seguir sacando a licitación e renovación dos seguros que temos a día de hoxe a través de esa plataforma.

Sra. Pereira González: A parte de facer o estudio ou non, é un cumprimento da lei, quitar os servizos a licitación e o vides reclamando en moitos plenos. Ao licitar correes estes riscos evidentemente, está claro que a atención persoalizada é diferente pero é o que xurdiu dunha licitación pública. Agora mesmo estamos co proceso de prórroga que estaba contemplada dentro da lei, nun principio vamos a prorrogalo, cando se termine a prórroga avaliaremos, pero o que si facemos é dar cumprimento a Lei e licitar os servizos. Neste caso nos apoia xuridicamente a FEMP, sabedes que as licitacións levan tempo, o persoal é escaso e unha licitación leva tempo, imos sacando as que podemos neste caso temos o apoio xurídico que o convenio marco establece a FEMP e foi unha facilidade.

Sr. Nuñez Troncoso: Ultimamente teñen entrado varios requirimentos de emenda de subvencións da Deputación, en concreto entrou o día 7 de xullo un requirimento de emenda da reforma da praza de abastos de Salceda para instalación de cuartos de aseo accesibles a espazo de uso común e reposición de cuberta. Entrou outro requirimento de emenda o 22 de agosto de subministro de mobiliario para o Penedo



Redondo, entrou tamén o 22 de agosto para o subministro de catro canastras de baloncesto, a pregunta é si se contestou a este requirimento e si se contestou porque non está no rexistro de saída?

Sra. Alcaldesa: A resposta é que si se contestou a eses requirimentos, todos e que non estean no rexistro de saída teño que comprobalo, descoñezo o motivo, resposta se lle deu a todos os requirimentos.

Sr. Núñez Troncoso: Xa avanzamos que vamos a pedir esas contestacións aos requirimentos e si realmente ten rexistro de saída ou no.

Sr. Núñez Troncoso: Hai outra entrada no rexistro en concreto o 26 de setembro do Consorcio do Louro que pon "*petición de inversión con cargo ao Consorcio*", temos coñecemento que tamén se remitiron aos outros Concellos que participan no Consorcio e aquí o que se está pedindo ao Concello é que obras prioriza, no que é o saneamento, a cargo do remanente do Consorcio do Louro, si é así, que obras ten pensado comunicar o Concello para que se lle aplique con cargo a ese remanente?

Sra. Alcaldesa: Nun dos comités e nalgunha das reunións que tiveron entre os Alcaldes e Alcaldesas que pertencemos ao Consorcio se tomou a decisión de que se utilizase o remanente do Consorcio para facer tanto obra ou redacción de proxecto de saneamento, nese traballo que fixemos dende o Concello de Salceda e sobre todo dende a Concellería de Medio Ambiente que dirixe Rubén, foi presentar, aínda se está acabando de redactar, o proxecto de Ataúde tal como foi o compromiso de saneamento de Picoña e que se pode acceder a el como fan a maioría do resto dos Concellos, empezar as cousas pola cimentación redactar os proxectos en función dese plan director das necesidades que se marcaron nese plan director e do traballo conxunto de todo o Consorcio e as que nos demandan os veciños. Non lembro exactamente porque son varias, é verdade que este sen acordo definitivo de ese comité, por iso tampouco se adiantou nada, porque hai que mirar que se convoque ese comité, que o interventor do Consorcio, que neste caso é o do Concello de Porriño de o visto bo de mirar ata onde da coas distintas peticións que fai o Concello, pero en resumen, redacción de proxectos que non hai feitos, algún en Picoña, A Presa que é outro compromiso que se adquiriu de ir dando pasiños e redactar o proxecto e poder presentarlle a veciñanza, a onde dan nos presentamos moito e agora teremos que decidir entre todos ata onde se chega e será, entendo que proximamente nun comité directivo. Non obstante temos pendentes de presentar e enviar iso. En resume, creo que A Presa, Picoña-Ataúde o que é a obra porque a redacción do proxecto xa case está, proxecto de Picoña-Loureiro, un en Outeiro. Había que, todos os Concellos pola participación que nos toca, ir poñendo as prioridades e nos baseamos nese Plan Director e nas necesidades e a verdade é que Soutelo e Entenza dentro do remanente que nos queda non podemos, non chega, faría falta todo o remanente que ten todo Consorcio só para o noso Concello e aínda así non lle daríamos solución. O reparto é polo que pon os estatutos que si que chegamos a ese acordo de que íamos facer máis ou menos coincidir para que esas



necesidades máis importantes polo menos puideramos dar pasiños nesa obra e na redacción de proxecto de obras.

Sr. Nuñez Troncoso: De canto é o remanente e que parte lle toca ao noso Concello.

Sra. Alcaldesa: Iso é o que acabo de dicir, no Comité se vai a acordar, unha vez que faga os informes o interventor do Consorcio que está traballar niso, que é o que me traslada o Presidente do Consorcio, hai unha cantidade que ronda pero non a temos totalmente exacta ata que intervención do Consorcio faga ese informe definitivo e despois será decisión do Comité, tendo en conta esa participación de reparto, incluso se chegou a falar de que si algún proxecto quedaba fora por un pouquiño ser solidarios entre os Concellos e puideramos chegar a conclusión.

Sra. Valcárcel Bernárdez: Teño visualizado que as actividades que se desenvolven dende o Concello ou a información importante a maioría das veces na páxina web non se colga, só se colgan nas redes sociais e hai moita xente que non ten acceso a redes sociais, pensouse en transmitir esa información de algunha forma ao resto da xente? Se miran carteis colgados polo centro de Salceda pero nas parroquias non, un exemplo, os composteiros que se están ofrecendo, na páxina si que está pero publicidade cara as parroquias, a xente que non ten redes sociais..., ou a andaina que hai este sábado na web non está publicitada e só nas redes sociais.

Sra. Alcaldesa: Os carteis que se distribúen polo centro polo xeral se distribúen nas parroquias, de feito os dos composteiros de distribúen e incluso algún se volveu a colocar porque non estaba cando se pasou. De todas formas tentaremos na medida de posible colocalos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

